

ACTA NÚM. 5 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E SETE DE MARZO DE 2014.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do d3a **vinde e sete de marzo de 2014**, constitúese o Pleno da Corporaci3n en primeira convocatoria de sesi3n ordinaria.

A S I S T E N:

Don 3ngel Benito Curr3s Fern3ndez, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona Mar3a de los Reyes Leis Rodr3guez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona Mar3a de los Ojos Grandes Pardo Vald3s.
Dona Mar3a Amelia Gonz3lez Brandariz.
Don Jos3 Lu3s Garc3a Bello.
Don Juan Jos3 de la Fuente Fuentes.
Dona Mar3a Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adri3n Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Dom3nguez Iglesias.
Don Lu3s Mejjide Rodr3guez.
Don Jos3 Mar3a Rosende Rico.
Dona Mar Mart3n Garc3a.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Ros3n Ferreiro.
Dona Marta Alv3rez-Santullano Fern3ndez-Trigales.
Don Francisco Reyes Santi3s.
Don Gonzalo Mui3os S3nchez.
Don Jos3 A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los 3ngeles G3mez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rub3n Cela D3az.
Dona Elvira Cienfuegos L3pez.
Don Rafael Xes3s Vilar Gonz3lez.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2014 (núm. 3/14).**
- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do día 28 de febreiro de 2014 (núm. 4/14).**
- 3. Aprobación inicial da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) relativa ao incremento de densidade dos solos urbanizables non delimitados (SUND).**
- 4 Aprobación de convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago.**
- 5. Dar conta do informe anual de queixas e suxestións correspondente ao ano 2013.**
- 6. Dar conta de resolucións da alcaldía de datas 5 e 17 de marzo do corrente ano, relativas a delegacións.**
- 7. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 8. Rogos e preguntas.**
- 9. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Comeza intervindo o señor alcalde para dar comezo ao pleno ordinario do mes de marzo.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2014 (NÚM. 3/14).

Por unanimidade apróbase a acta núm. 3/2014, correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de febreiro de 2014.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 28 DE FEBREIRO DE 2014 (NÚM. 4/14).

Por unanimidade apróbase a acta núm. 4/2014, correspondente á sesión extraordinaria que tivo lugar o día 28 de febreiro de 2014.

3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) RELATIVA AO INCREMENTO DE DENSIDADE DOS SOLOS URBANIZABLES NON DELIMITADOS (SUND).

O informe que emitiu a xefa da sección de xestión urbanística en relación co asunto do epígrafe é do teor literal seguinte:

“1. Contido e xustificación da Modificación

O proxecto de referencia formúlase de oficio polo Concello a través dos servizos técnicos de Planeamento e Xestión, co obxecto de flexibilizar o límite de densidade de vivenda establecido polo vixente Plan xeral para a ordenación das áreas de solo urbanizable non delimitado (SUND) de uso residencial.

A necesidade da Modificación deriva principalmente dos condicionamentos que supón a existencia no marco legal vixente de cumprimentar, dentro de cada sector de solo urbanizable non delimitado, a reserva dunha porcentaxe mínima do 30% da edificabilidade residencial con destino a vivenda de protección pública, consonte ao disposto polo apartado 12 do artigo 47 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), logo da modificación operada pola Lei 8/2012, de vivenda de Galicia.

A aplicación desta porcentaxe de reserva obrigatoria, unida á limitación legal da superficie construída máxima autorizable nas vivendas protexidas -90 m² útiles con carácter xeral- implica, de facto, o incremento do tamaño medio das vivendas non suxeitas a protección (libres), segundo pode comprobarse no cadro anexo 1 do proxecto de Modificación.

Para paliar este resultado, a Modificación pretende facilitar a construción de vivendas libres (non protexidas) cun tamaño medio máis axeitado á demanda da maior parte da poboación, de acordo coa estimación que se xustifica nos apartados 2.4.1 e 2.4.2 da memoria e se reflicte no cadro do anexo 1.

A Modificación afecta aos solos urbanizables non delimitados dos tipos A e B -para os que se propón unha densidade máxima de 25 vivendas/ha-, así como aos do tipo C, para os que se propón a densidade máxima de 16 viv/ha.

2. Suposto particular do SUND-39 (tipo F)

Polo que atinxe ao tipo F, ao se tratar dun único sector (SUND-39 - Campo de Bando), procédese a efectuar unha análise específica que atende ás condicións particulares da actuación, tal e como se indican no apartado 33 do artigo 80 do vixente PXOM:

...

33. O SUND-39, Campo de Bando, ocupa a superficie do antigo campo de tiro de Bando coa fin da substitución das desafectadas instalacións militares e a recuperación da área para novos usos. Establécese un uso característico de equipamento deportivo extensivo e anexos. Cun carácter complementario autorízanse usos hoteleiros, hosteleiros, de ocio, recreativos, comerciais e residencial coa tipoloxía de vivenda unifamiliar illada.

...

Feita esta análise, detéctase unha contradición entre o teor literal do apartado transcrito -que configura o uso residencial como un uso complementario- e a distribución indicada na táboa do artigo 79.2. Nesta táboa dedícase un 85% da edificabilidade á vivenda unifamiliar e o 15% restante ao uso hoteleiro, sen facer mención da porcentaxe destinada ao uso característico (deportivo extensivo).

Para solventar aquela contradición, propónse limitar a superficie edificable residencial ao 60%, co obxecto de contemplar a implantación do uso característico, que suporía o 25% da edificabilidade total, correspondendo o 15% restante ao uso hoteleiro. Con esta modificación non resultaría preciso alterar o límite de densidade fixado no Plan vixente (3,5 viv/ha), xa que se garante a obtención dun tamaño medio de vivenda de 180 m²c, que é o considerado na presente Modificación para a subtipoloxía de vivenda unifamiliar illada.

Complementariamente, ao resultar esixible tamén no SUND-39 a reserva de vivenda protexida do 30% -a diferenza do que prevía a LOUG vixente no momento de aprobarse o PXOM, que contemplaba unha exención para os ámbitos con edificabilidade inferior a 0,20*- , estímase conveniente autorizar, nas condicións particulares deste sector, e só para a reserva obrigatoria de vivenda protexida, tipoloxías distintas da vivenda unifamiliar illada, como poden ser a adosada ou a colectiva con volumetría asimilable á unifamiliar.

A Modificación proposta afecta así á redacción dos seguintes artigos do PXOM:

* 79.4, no que atinxe aos límites de densidade aplicables aos solos urbanizables non delimitados tipos A, B e C.

* 79.2, no relativo á proporción de usos permitidos no tipo F.

* 80.33, no que se regulan as condicións particulares do SUND-39, co obxecto de contemplar distintas tipoloxías edificatorias para a vivenda de protección pública.

3. Tramitación

A teor do establecido no artigo 93 da Lei 9/2002, a alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levar a cabo mediante a revisión dos mesmos ou a modificación dalgún ou dalgúns dos elementos que os constitúan.

No presente suposto consideramos que a alteración proposta non ten o alcance dunha revisión senón dunha modificación, en tanto que non supón a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, nos termos previstos no artigo 93.3 da Lei 9/2002.

A modificación dos Plans haberase de suxeitar ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, se ben, tal e como prevé o artigo 93.4 da Lei 9/2002, as modificacións do planeamento xeral que non impliquen nin a reclasificación de solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin alteren os sistemas xerais previstos no planeamento vixente non precisarán obter o informe previo á aprobación inicial a que fai referencia o artigo 85.1 da citada Lei.

A modificación obxecto do presente informe non reclasifica solo nin incrementa a intensidade de uso dos solos afectados, nos termos definidos polo artigo 46, posto que mantén a clasificación urbanística e a superficie edificable total autorizada nos respectivos sectores. Tampouco altera os sistemas xerais previstos no planeamento vixente, polo que non resulta preceptivo o informe da Consellería con carácter previo á aprobación inicial.

En consecuencia, a aprobación da presente Modificación haberá de suxeitarse ao procedemento regulado nos apartados 2 e seguintes do artigo 85 da LOUG, sen sometemento a avaliación ambiental estratéxica ao terse declarado a súa non necesidade mediante Decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de data 18 de febreiro de 2014.

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda e medio ambiente, adoptar o seguinte ACORDO:

a) Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal relativa ao incremento de densidade dos solos urbanizables non delimitados (SUND), segundo o proxecto formulado polo Concello de Santiago a través dos servizos técnicos da Área de Urbanismo.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente outorgarase audiencia aos municipios limítrofes.

Durante o trámite de información pública, remitirase un exemplar da Modificación á Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental.”

Pola súa banda o Secretario Xeral do Pleno e Director da Asesoría Xurídica emitiu o 17 de marzo de 2014, un informe co contido que a seguir se transcribe:

“Solicitado informe xurídico a esta Secretaría por Dá. Pilar Rubín Paz, Xefa de Sección de Xestión Urbanística sobre o asunto de referencia, analizadas a lexislación e xurisprudencia aplicables ao caso concreto, en cumprimento do disposto no art. 54 do Texto Refundido polo cal se aproban as disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local de 18 de Abril de 1986, art. 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1986, art. 3 do RD 1174/87, de 18 de Setembro, polo cal se Regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Estatal , art. 122.5º e) da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 39.1. 4 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, o funcionario que subscribe ten a honra de emitir o seguinte informe

I

ANTECEDENTES DE FEITO

-Solicitud de informe por parte de Dá. Pilar Rubín Paz, Xefa de Sección de Xestión Urbanística sobre o asunto de referencia, ós efectos de someter o expediente a dictame da Comisión Informativa de Urbanismo que terá lugar o vindeiro día 20 de marzo de 2014.

-Acompaña informe-proposta de data 14 de marzo de 2014 do seguinte tenor ltiterial:

1. Contido e xustificación da Modificación

O proxecto de referencia fórmase de oficio polo Concello a través dos servizos técnicos de Planeamento e Xestión, co obxecto de flexibilizar o límite de densidade de vivenda establecido polo vixente Plan xeral para a ordenación das áreas de solo urbanizable non delimitado (SUND) de uso residencial.

A necesidade da Modificación deriva principalmente dos condicionamentos que supón a existencia no marco legal vixente de cumprimentar, dentro de cada sector de solo urbanizable non delimitado, a reserva dunha porcentaxe mínima do 30% da edificabilidade residencial con destino a vivenda de protección pública, consonte ao disposto polo apartado 12 do artigo 47 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), logo da modificación operada pola Lei 8/2012, de vivenda de Galicia.

A aplicación desta porcentaxe de reserva obrigatoria, unida á limitación legal da superficie construída máxima autorizable nas vivendas protexidas -90 m² útiles con carácter xeral- implica, de facto, o incremento do tamaño medio das vivendas non suxeitas a protección (libres), segundo pode comprobarse no cadro anexo 1 do proxecto de Modificación.

Para paliar este resultado, a Modificación pretende facilitar a construción de vivendas libres (non protexidas) cun tamaño medio máis axeitado á demanda da maior parte da poboación, de acordo coa estimación que se xustifica no apartado 2.3 da memoria e se reflicte no cadro do anexo 1.

A Modificación afecta aos solos urbanizables non delimitados dos tipos A e B -para os que se propón unha densidade máxima de 25 vivendas/ha-, así como aos do tipo C, para os que se propón a densidade máxima de 16 viv/ha.

2. Suposto particular do SUND-39 (tipo F)

Polo que atinxe ao tipo F, ao se tratar dun único sector (SUND-39 - Campo de Bando), procédese a efectuar unha análise específica que atende ás condicións particulares da actuación, tal e como se indican no apartado 33 do artigo 80 do vixente PXOM:

...

33. O SUND-39, Campo de Bando, ocupa a superficie do antigo campo de tiro de Bando coa fin da substitución das desafectadas instalacións militares e a recuperación da área para novos usos. Establécese un uso característico de equipamento deportivo extensivo e anexos. Cun carácter complementario autorízanse usos hoteleiros, hosteleiros, de ocio, recreativos, comerciais e residencial coa tipoloxía de vivenda unifamiliar illada.

...

Feita esta análise, detéctase unha contradición entre o teor literal do apartado transcrito -que configura o uso residencial como un uso complementario- e a distribución indicada na táboa do artigo 79.2. Nesta táboa dedícase un 85% da edificabilidade á vivenda unifamiliar e o 15% restante ao uso hoteleiro, sen facer mención da porcentaxe destinada ao uso característico (deportivo extensivo).

Para solventar aquela contradición, propónse limitar a superficie edificable residencial ao 60%, co obxecto de contemplar a implantación do uso característico, que suporía o 25% da edificabilidade total, correspondendo o 15% restante ao uso hoteleiro. Con esta modificación non resultaría preciso alterar o límite de densidade fixado no Plan vixente (3,5 viv/ha), xa que se garante a obtención dun tamaño medio de vivenda de 180 m²c, que é o considerado na presente Modificación para a subtipoloxía de vivenda unifamiliar illada.

Complementariamente, ao resultar esixible tamén no SUND-39 a reserva de vivenda protexida do 30% -a diferenza do que prevía a LOUG vixente no momento de aprobarse o PXOM, que contemplaba unha exención para os ámbitos con edificabilidade inferior a 0,20-, estímase conveniente autorizar, nas condicións particulares deste sector, e só para a reserva obrigatoria de vivenda protexida, tipoloxías distintas da vivenda unifamiliar illada, como poden ser a adosada ou a colectiva con volumetría asimilable á unifamiliar.

A Modificación proposta afecta así á redacción dos seguintes artigos do PXOM:

- 79.4, no que atinxe aos límites de densidade aplicables aos solos urbanizables non delimitados tipos A, B e C.
- 79.2, no relativo á proporción de usos permitidos no tipo F.
- 80.33, no que se regulan as condicións particulares do SUND-39, co obxecto de contemplar distintas tipoloxías edificatorias para a vivenda de protección pública.

3. Tramitación

A teor do establecido no artigo 93 da Lei 9/2002, a alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levar a cabo mediante a revisión dos mesmos ou a modificación dalgún ou dalgúns dos elementos que os constitúan.

No presente suposto consideramos que a alteración proposta non ten o alcance dunha revisión senón dunha modificación, en tanto que non supón a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, nos termos previstos no artigo 93.3 da Lei 9/2002.

A modificación dos Plans haberase de suxeitar ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, se ben, tal e como prevé o artigo 93.4 da Lei 9/2002, *as modificacións do planeamento xeral que non impliquen nin a reclasificación de solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin alteren os sistemas xerais previstos no planeamento vixente non precisarán obter o informe previo á aprobación inicial a que fai referencia o artigo 85.1 da citada Lei.*

A modificación obxecto do presente informe non reclasifica solo nin incrementa a intensidade de uso dos solos afectados, nos termos definidos polo artigo 46, posto que mantén a clasificación urbanística e a superficie edificable total autorizada nos respectivos sectores. Tampouco altera os sistemas xerais previstos no planeamento vixente, polo que non resulta preceptivo o informe da Consellería con carácter previo á aprobación inicial.

En consecuencia, a aprobación da presente Modificación haberá de suxeitarse ao procedemento regulado nos apartados 2 e seguintes do artigo 85 da LOUG, sen sometemento a avaliación ambiental estratéxica ao terse declarado a súa non necesidade mediante Decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de data 18 de febreiro de 2014.

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, adoptar o seguinte ACORDO:

a) Aprobar inicialmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal relativa ao incremento de densidade dos solos urbanizables non delimitados (SUND), segundo o proxecto formulado polo Concello de Santiago a través dos servizos técnicos da Área de Urbanismo.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente outorgarase audiencia aos municipios limítrofes.

Durante o trámite de información pública, remitirase un exemplar da Modificación á Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2014
A xefa da Sección de Xestión Urbanística
Asdo.: Pilar Rubín Paz

II LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Os artigos 52 e seguintes, 77, 81, 84, 85, 89, 92, 97, 100 e 101 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
- A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente.
- O Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Chan.

III CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

REMATADOS os traballos de elaboración do expediente de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal coa fin de flexibilizar o límite de densidade de vivenda establecido polo vixente Plan xeral para a ordenación das áreas de só urbanizable non delimitado (SUND) de uso residencial.

VISTO canto antecede e o informe emitido para o efecto por Da.Pilar Rubín Paz, xefe de sección de Xestión Urbanística, informe que este funcionario subscribe en toda a súa integridade, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade cos artigos 123.1.i) e 47.2.ii) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artículo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co art.º 85 do mesmo corpo legal.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

IV INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal co fin de flexibilizar o límite de densidade de vivenda establecido polo vixente Plan xeral para a ordenación das áreas de só urbanizable non delimitado (SUND) de uso residencial, nos termos que obran neste.

SEGUNDO: Abrir un período de información pública durante dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e anunciarse, ademais, en dous dos xornais de maior difusión na Provincia. Durante o devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran a modificación puntual de referencia, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se consideren pertinentes.

TERCEIRO: Dar audiencia aos Municipios limítrofes, simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, e someter o documento ás consultas previstas no documento de referencia.

CUARTO: Durante ou trámite de información ó publico remitirase un exemplar da Modificación á Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental.

QUINTO: A aprobación inicial determina automaticamente, por aplicación do disposto non artigo 77.2 da LOUGA, a suspensión do outorgamento das licenzas que puidesen resultar incompatibles coa nova ordenación proposta, durante ou prazo máximo de dous anos, contado dende a aprobación inicial.

SEXTO: Facultar tanto ao Sr. Alcalde-presidente coma á Xunta de Goberno Local tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

V CONCLUSIÓN:

Infórmase favorablemente para a súa aprobación, se é o caso, polo Pleno da Corporación, logo de ditame preceptivo da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Vivenda, o expediente tendente á "Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal coa fin de flexibilizar o límite de densidade de vivenda establecido polo vixente Plan xeral para a ordenación das áreas de só urbanizable non delimitado (SUND) de uso residencial".

E este é o meu informe que emito segundo o meu leal saber e entender e que someto calquera outro mellor fundado en Dereito sen prexuízo do cal tanto o Sr. Alcalde, coma o Pleno da Corporación, e, no seu caso, a Xunta de Goberno Local, co seu máis alto criterio acorden o que consideren oportuno.”

Achegada ao expediente figura unha proposta da concelleira delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible co obxecto de adoptar o acordo do epígrafe.

Procede o señor Alcalde a outorgar a quenda de palabra a dona María Pardo.

Intervén entón a señora Pardo, dando as grazas ao señor Alcalde, e as boas tardes a todos os asistentes. Di que a modificación (do PXOM) fórmulase de oficio polos servizos técnicos municipais, co obxectivo de flexibilizar o límite de densidade que establece o vixente Plan Xeral para a ordenación de distintas áreas de solo urbanizable non delimitado de uso residencial. O Plan Xeral vixente clasifica as áreas de solo urbanizable non delimitado de uso residencial en catro tipos:

- Tipo A: no que se prevé como uso predominante o residencial exclusivo con tipoloxía cidade xardín, e cuxo número máximo de vivendas é de 20 por hectárea.

- Tipo B: coñecido como cidade xardín mixta, con predominio de uso residencial pero non exclusivo, xa que se admite expresamente o comercial en planta baixa ata un máximo do 20% da edificabilidade total. Para este tipo de áreas tamén se establece un límite de densidade de vinte vivendas por hectárea.

- Tipo C: combina o uso residencial e o terciario, non podendo superar este último o 50 por cento da edificabilidade total. Neste tipo de áreas se limita o número máximo de vivendas a doce por hectárea.

- Tipo F: correspondente aos solos cuxo uso global ou característico é o deportivo extensivo, autorizándose como usos complementarios o de vivenda unifamiliar, hoteleiro e dotacional. Neste tipo de áreas a edificabilidade máxima é de 0,08 metros cadrados e a densidade é de 3,5 vivendas por hectárea. O Plan Xeral vixente prevé unha única área deste tipo que se corresponde co SUND-39 (Campo de Bando).

Xustifica a proposta e modificación pola necesidade dunha resposta axeitada ás novas circunstancias, derivadas da concorrencia dunha serie de factores:

En primeiro termo, a tendencia da maior parte das lexislacións e plans xerais é a de ampliar e incluso eliminar as limitacións de densidade a prol da compatibilidade do territorio e a sustentabilidade do crecemento urbanístico, dado que a concentración dun

maior número de vivendas nun espazo máis reducido supón un menor consumo de solo e un mellor aproveitamento dos servizos urbanísticos.

Deste xeito, entre as accións propostas pola Comisión das Comunidades Europeas en materia de urbanismo atópase a de fixar densidades mínimas para as zonas residenciais, que permitan fomentar unha maior densificación e frear a expansión urbana, o modelo de cidade compacta e densa, fronte á cidade difusa.

En segundo termo, a realidade social e económica do actual mercado inmobiliario, que obriga por unha parte, a favorecer a viabilidade e sustentabilidade económica dos novos desenvolvementos urbanísticos, e por outra, a adaptar o tamaño medio de vivenda a aquela que resulta accesible á maior parte da poboación. Isto é debido a que a diminución da renda das familias, combinada coa efectiva redución da ratio do número de persoas sen fogar, dá como resultado, o incremento da demanda de vivendas dun tamaño máis reducido.

En terceiro termo, a esixencia da reserva, dentro de cada sector do solo urbanizable non delimitado, dunha porcentaxe mínima do 30% da total edificabilidade residencial con destino a vivenda de protección pública, unida á limitación legal da superficie construída máxima deste tipo de vivendas, de 90 metros útiles con carácter xeral, produce a consecuencia de incrementar de feito, o tamaño medio das vivendas libres ou non protexidas. Conforme aos factores expostos, apunta dona María Pardo que o documento elaborado polos servizos técnicos municipais parte dunha análise de cal sería o tamaño medio de vivendas máis habitual en atención aos distintos tipos de tipoloxías admisibles nos diferentes sectores A, B, C e F.

De conformidade con este estudo considéranse uns tamaños medios de 180 metros cadrados construídos para vivenda unifamiliar illada, 140 para a adosada-pareada, e 90 para a vivenda colectiva. A consecución destes tamaños medios aplicados ás distintas tipoloxías de vivendas admisibles en cada un dos tipos de ordenación dos solos urbanizables non delimitados do plan xeral dá como resultado para as áreas tipo A e B, cidade xardín e cidade xardín mixta unha densidade de 25 vivendas hectárea; e para as áreas tipo C, residencial e terciario, unha densidade de 16 vivendas por hectárea.

Polo que respecta ao tipo F, realízase unha análise específica que considera o uso característico asinado, deportivo extensivo, e a configuración dos seus usos complementarios: residencial, hoteleiro e comercial. De acordo con estes obxectivos, propónse limitar a superficie edificable residencial a un 60% (mentres que no plan vixente se permite ata un 85%), e autorizar tipoloxías distintas da unifamiliar illada, para a construción de vivenda protexida.

Coa introdución das modificacións propostas se conclúe de forma xustificada a non necesidade de incrementar a densidade de 3,5 vivendas por hectárea que establece o Plan Xeral. As modificacións propostas non alteran o modelo de ordenación establecido polo vixente Plan Xeral, posto que se respectan os usos globais, intensidades e tipoloxías edificatorias definidas no mesmo, é dicir, non se incrementa a superficie edificable total, nin se reducen as dotacións legalmente esixibles. Posto que a LOUG as establece en función da superficie construída e non do número de vivendas. En realidade, o que se pretende non é outra cousa que axustar ou adaptar o límite de densidade á aparición de novas circunstancias sobrevidas con posterioridade á aprobación do Plan Xeral vixente, e todo iso, despois dun estudo moi exhaustivo das condicións de ordenación dos distintos tipos.

A continuación, o señor alcalde outorga a quenda de palabra ao señor Cela. Comeza o señor Cela dando as grazas ao señor alcalde. Acto seguido, comenta que, tal e como aborda a cuestión a señora Pardo, o que se plantexa na sesión do Pleno que se está a celebrar é unha modificación supostamente puntual do PXOM, dirixida a incrementar a densidade de tódolos solos urbanizables non delimitados. Engade que, con posterioridade, aclarará ese “supostamente”.

A posibilidade de revisar as densidades recollidas no actual PXOM, podería estar xustificada dende o punto de vista do seu grupo, en base a dous aspectos:

En primeiro lugar, os cambios normativos operados dende a aprobación do PXOM ata os nosos días en materia de reserva mínima obrigatoria de vivendas de protección oficial.

En segundo lugar, a experiencia práctica, tanto dende a perspectiva dos promotores, como dos demandantes de vivenda, como do que acontece coa prestación de determinados tipos de servizos cando se aplican densidades excesivamente baixas, e a sustentabilidade dese modelo.

Con respecto ao primeiro dos puntos resulta indiscutible que existiu nos últimos anos un importante número de cambios en materia de normativa urbanística. No momento da aprobación inicial do PXOM, a reserva para vivenda protexida era do 20 por cento. Posteriormente, en xullo de 2008, entrou en vigor a Lei de Medidas Urxentes en materia de Vivenda e Solo, pasando a ser dun 40 por cento; e en agosto de 2012, entrou en vigor a Lei de Vivenda de Galicia, que a fixa no 30 por cento vixente na actualidade.

Este incremento na reserva de vivenda protexida en cada ámbito de solo urbanizable non delimitado de uso residencial pode ter consecuencias con respecto ás previsións iniciais do PXOM, xa que supón unha limitación legal no tamaño máximo das vivendas que representaría o 30 por cento da edificabilidade do sector e, polo tanto, unha

modificación do tamaño medio da vivenda respecto das previsións do PXOM que pode supor unha distorsión respecto das hipóteses de partida, en particular, nos casos de tipoloxías de vivenda unifamiliar.

O Plan Xeral partía duns presupostos previos sobre as superficies estimadas de vivenda, que respondían ás características usuais para cada unha das tipoloxías que se propuñan á hora de calcular a densidade de cada tipo de solo. Ao non incrementar a edificabilidade máxima admisible nun ámbito, nin variar os tipos xa previstos, o número máximo de vivendas que resulte posible construír nese ámbito dependerá basicamente da superficie ou tamaño das vivendas, de xeito que, se as vivendas son moi grandes, a densidade será menor, e se as vivendas son moi pequenas, a densidade será maior.

Tendo en conta estes cambios normativos, para o grupo municipal do BNG, podería ser razoable que se pretendan unhas superficies medias de vivenda razoables cando se apliquen os tres criterios básicos: edificabilidade máxima, número máximo de vivendas, e porcentaxe de vivenda protexida.

Para lograr ese obxectivo, unha posibilidade é a de plantexar un lixeiro incremento na densidade máxima admisible para os solos urbanizables non delimitados, co fin de posibilitar a concreción dunha maior porcentaxe de vivenda protexida, que, necesariamente por lei, ten que ser inferior a 90 metros cadrados, sen que esa ampliación provoque outro tipo de distorsións no tamaño medio das vivendas libres.

Continúa o señor Cela dicindo que, tal e como sinalaba anteriormente dona María Pardo, a modificación das densidades non modifica necesariamente outros aspectos, como a edificabilidade máxima establecida, a tipoloxía prevista, nin os demais parámetros fixados polo planeamento vixente, incluídas as reservas mínimas para o sistema de espazos libres e zonas verdes e de equipamento de dominio e uso público.

En segundo lugar, expón que pode ser razoable un plantexamento deste tipo en base a unha experiencia práctica que apunta a dúas cousas:

- A primeira delas, que aumente a porcentaxe de vivenda de protección sen modificar as densidades, provocaría vivendas libres de superficies máis elevadas que as que demanda o mercado, o que dificulta a súa venda e, polo tanto, o desenvolvemento do conxunto do solo, para quen pretendese promoverlo, o que na práctica leva a que case a totalidade dos SUND estean paralizados, polo que tampouco haberá ese 30 por cento de vivendas de protección oficial dirixidas ás rendas máis baixas que non poden acceder a unha vivenda no mercado libre.

- A segunda delas, que a experiencia práctica amosa que densidades excesivamente baixas son pouco sostibles en termos de racionalización de recursos e servizos, e tamén dende unha perspectiva de sustentabilidade medio ambiental.

Segundo o señor Cela, abrir un debate sobre a posible modificación das densidades non resulta chocante para o BNG, pero, aludindo á memoria, di que o chocante é quen o plantexa, e como o fai.

Lembra que o anterior goberno municipal iniciou no ano 2010 un procedemento de modificación puntual do PXOM relativo ao incremento da densidade dos solos urbanizables non delimitados tipo A. Daquela, na sesión plenaria de aprobación definitiva o Sr. Conde Roa manifestou, literalmente “a súa máis rotunda desconformidade”, acusando directamente ao anterior goberno de moverse exclusivamente por razóns económicas e non polo interese público ao “situarse na posición de promotores e modificar o planeamento á carta para que aos promotores lles saíran as cifras”.

Dicía tamén o señor Conde Roa que na modificación de densidades o único importante da proposta era o aumento da vivenda libre. En concreto afirmaba: “o outro é a desculpa que buscan para ter en conta os intereses privados por encima dos intereses públicos”. Tamén escandalizábase o señor Conde Roa, do feito de que fose un funcionario quen propuxese de oficio unha modificación do Plan Xeral, como tamén é caso da proposta debatida nesta sesión plenaria. Naquel entón, o señor Conde Roa concluía que “a única xustificación que existe aquí é a de incrementar as vivendas libres, urbanismo á carta, porque están a servir aos intereses privados dunhas persoas que moi respetablemente se adican a unha actividade, pero non lles cadran os números”.

Segundo o señor Cela, resulta curioso escoitalle ao señor Conde Roa expresións como “urbanismo á carta”, “ter en conta os intereses privados sobre os públicos”, ou “falar de promotores aos que non lles cadran as contas”.

Pregúntalle entón á señora Pardo cal é realmente a posición do Partido Popular: a que anunciaba o señor Conde Roa e que apoiaban os concelleiros, incluído o señor alcalde actual; ou a que ela ven de expor, e que é totalmente contraria á que o Partido Popular defendía no ano 2010. Na opinión do señor Cela, este feito dí moito da coherencia do Partido Popular: do que di cando está na oposición, e do que di e fai cando está no goberno.

O segundo aspecto que resalta o señor Cela é como o plantexan, porque é certo que a posibilidade de dispoñer de vivendas nun ámbito a costa de reducir a superficie media, non ten por que supor necesariamente unha modificación substancial, xa que o mantemento dos parámetros de edificabilidade máxima e tipoloxías poderían garantir,

segundo en que solos, o mantemento do modelo de ocupación e ordenación territorial implícitos.

Continúa a dicir que tamén é certo que o feito de que non se desenvolvan eses solos, provoca, entre outras consecuencias, que a cidade non gañe esa reserva de vivendas de VPO, dirixidas aos sectores sociais con menos recursos, e que eses foron algúns dos motivos que no seu día levaron ao BNG a apoiar unha revisión das densidades. Porén, afirma que se trataba dunha proposta moi diferente á que plantexa agora o grupo de goberno por dúas razóns:

- A primeira, porque estaba referida exclusivamente aos SUND tipo A, é dicir, cidades xardín e, polo tanto, non era unha medida que se adoptara con carácter indiscriminado.

- A segunda, porque a proposta consistía en pasar dunha densidade de vinte vivendas por hectárea a vinte e cinco vivendas por hectárea, que afirma aparentemente é o mesmo cambio que agora plantexa o grupo de goberno para os SUND tipo A na súa proposta; pero só aparentemente, porque, como ben sabe a señora Pardo, daquela facíase cunha normativa que obrigaba a unha reserva mínima de VPO do corenta por cento, e hoxe é do trinta por cento, polo que aínda que o cambio pareza o mesmo, o resultado final non o é.

O señor Cela di que ese carácter indiscriminado é unha das razóns fundamentais que impide ao BNG votar favorablemente esta proposta, pois consideran que sería razoable no caso dun ámbito específico, como é o tipo cidade xardín, pero albergan dúbidas acerca da súa idoneidade para outro tipo de SUND's, e tamén a solución excepcional que se lle busca ao SUNP-39 do Campo de Bando.

Continúa dicindo o señor Cela que segundo o señor Conde Roa, esa proposta de cambio que se facía no ano 2010 xuridicamente era insostible, porque se trataba, segundo el, non dunha modificación puntual do PXOM, senón, e volve ler textualmente: “dunha auténtica revisión do Plan Xeral que tería que estar sometida a outras cautelas” que supostamente o anterior goberno trataba de evitar.

Finaliza a súa intervención o señor Cela dicindo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego non vai votar a favor de dita proposta, e pregúntalle á señora Pardo que se o grupo Popular na modificación do SUND tipo A do 2010 mantivo que esta era unha revisión do PXOM e non unha modificación puntual, como definen agora a presente proposta, na que se propón a modificación do SUND tipo A, do tipo B, do tipo C e do tipo F.

Toma a palabra a señora Rosón, saudando ao señor alcalde, ás concelleiras e concelleiros, e a tódolos asistentes. Comeza recordando que, como sinalou o señor Cela,

en outubro do 2010, o goberno socialista propuxo ao pleno unha modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal relativa ao incremento de densidades dos solos urbanizables non delimitados tipo A. Ao seu parecer, tratábase dunha proposta cauta e reflexiva que se cinguía a unha tipoloxía, a denominada no Plan como “a cidade xardín” de moi baixa densidade, de uso global residencial exclusivo, cunha densidade 0,30 metro cadrado/metro cadrado, e que consistía no incremento da densidade edificatoria pasando das vinte vivendas por hectárea que marcaba o plan, a vinte e cinco vivendas por hectárea.

As razóns que entón xustificaban esta modificación consistían en facilitar a implantación da vivenda de protección oficial mediante a adaptación da superficie das vivendas resultantes da ordenación ás superficies derivadas das normas sobre vivenda protexida, o que encaixa dentro das razóns precisas segundo o artigo 194.1 da LOUG para os efectos de xustificar o interese público desta modificación.

Daquela alegouse que o PXOM vixente estableceu unhas determinacións sobre densidades en solos urbanizables non delimitados en consideración á cifra esixida pola LOUG, no momento da aprobación do mesmo, como reserva mínima de edificabilidade residencial para vivendas protexidas, o 20%, que despois veuse incrementada pola Lei 6/2008 de medidas urxentes en materia de Vivenda e Solo ata o 40 por cento.

A modificación non afectaba aos estándares de espazos libres e equipamentos e prazas de aparcamento fixados polo plan xeral, xa que non se alteraba a edificabilidade. Esta proposta aprobouse inicial e provisionalmente polo Pleno, e foi denegada na súa aprobación definitiva pola Consellería de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia a mediados do mes de xullo de 2011, uns días despois de que o novo goberno popular tomara posesión.

Apunta a señora Rosón que o grupo socialista entende que a denegación se fixo sen motivar, invocando o artigo 101 da LOUG, que di que serán nulas de pleno dereito as reservas de dispensación que contivesen os plans ou ordenanzas.

Continúa a señora Rosón dicindo que esta xustificación, tanto daquela como na actualidade resulta moi endeble, pois non se busca dispensar un solo únicamente, senón toda unha tipoloxía, pero de forma coherente e reflexiva, en concreto sobre todos os dezaioito solos urbanizables non programados tipo A do territorio municipal, e facíase porque o incremento de vivenda protexida supón coa entrada en vigor da lei, unha diminución do número de vivendas dispoñibles para ordear a edificabilidade destinada á vivenda libre, e polo tanto, incrementaba considerablemente a súa superficie, inviabilizando a promoción deste tipo de solos, e en definitiva, o cumprimento real do obxectivo da modificación legislativa no que se refire á construción de vivendas de protección oficial.

Apunta a señora Rosón que este problema non existía porque o estudaron e así se xustificou tamén na memoria da modificación proposta, que tampouco existía nos outros solos urbanizables non delimitados con superficies medidas nas vivendas libres moito máis proporcionadas, e cos mixtos, como tamén se sinalou anteriormente. Se as cousas non tiveran sido como foron, di a señora Rosón que non terían recorrido o acordo da Xunta de Galicia, defendendo a coherencia da modificación presentada.

A señora Rosón lembra aos presentes que cando o grupo socialista plantexou esa modificación, tivo que escoitar do ponente popular de urbanismo na súa aprobación inicial, Albino Aldrey, e despois na aprobación provisional ao voceiro do grupo popular, que “as cidades xardín están concibidas como unha transición entre o solo urbano e o solo rústico rural, e aquí se está a converter en máis solo urbano de alta densidade. Considera que non pensaron nas consecuencias que esta medida terá sobre a calidade de vida dos citados solos, a cidade do futuro que queren é o que demanda o mercado, e pregunta onde están as infraestructuras que garanten a viabilidade deste modelo”.

Na aprobación provisional o voceiro popular, o Sr. Conde Roa, manifestou “a máis rotunda desconformidade con relación á modificación que hoxe se plantexa nos solos urbanizables non delimitados”.

A primeira razón é que non están en presenza dunha modificación do plan xeral, senón dunha auténtica revisión do plan xeral, e iso é así porque a lei do solo así o establece, ao aclarar o que é unha revisión do plan fronte a unha modificación do plan.

O artigo 93.2 da Lei do solo vixente, establece que a revisión do planeamento se produce pola adopción de novos criterios con respecto á estrutura xeral e orgánica do territorio, ou a clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, caso que evidentemente aquí se dá, ou pola aparición de circunstancias sobrevidas de carácter demográfico ou económico que incidan substancialmente sobre a ordenación, isto entre outras moitas cousas que expuxo antes o Sr. Cela.

Di a señora Rosón que dous anos e pico despois daquel despropósito de argumento da consellería, agora o goberno popular presenta este despropósito de modificación das densidades en tódolos urbanizables non programados do Concello de Santiago, en todas as súas tipoloxías na A, na B, na C, e na F. É dicir, meten a todos no mesmo saco.

Prosegue manifestando que baixo unha aparencia inocente, moi tecnócrata, moi numérica, pero con moi pouca explicación de fondo, agora sí que supón un cambio de modelo, de concepto do PXOM que aprobaron no ano 2008, que por suposto, supón unha auténtica revisión do mesmo.

Diríxese á señora concelleira delegada dicíndolle que non é unha cuestión de números, senón de modelo. A aparición da vivenda colectiva nos tipos B, C e F, tráelle á memoria o que se fixo fai escasamente dous ou tres meses cando se aprobou provisionalmente a modificación do plan xeral para o solo este de San Marcos, pois recorda modelos urbanísticos dos concellos limítrofes con Santiago gobernados tantos anos polo Partido popular. Por exemplo, no tipo B, o aumento de vivenda é de máis do 24%, no tipo C máis do 30%. Di que esta proposta, nada ten que ver coa memoria explicativa do PXOM, e a filosofía sobre a que se sustenta. Na opinión da señora Rosón, o grupo popular debería expresar máis claramente o modelo que se está a propor. Remata a súa intervención dando as grazas, e afirmando que o grupo socialista non pode compartir nin os razoamentos, nin os obxectivos da proposta, polo que o voto do grupo municipal socialista vai ser negativo.

A continuación intervén a señora Pardo, amosando a súa sorpresa e comentando que mentres lles escoitou falar foi pensando cal era o motivo de voto en contra de ambos grupos. Prosegue a dicir que non pode deixar de pensar que o progreso de Santiago de Compostela se quedou na prehistoria do urbanismo, do urbanismo á carta que só plantexa as modificacións puntuais para os solos tipos A, do urbanismo dos residenciais puros, sobre residenciais humanitarios, ou o urbanismo da creación de dúas mil vivendas en solos como o da Pulleira, cos problemas que actualmente hai sobre isto.

A señora Pardo engade que lle gustaría que a señora Rosón se modernizase un pouco no que se estila agora en temas de urbanismo. Recorda que a Comisión das Comunidades Europeas en materia de urbanismo refírese a: “fixar densidades mínimas para as zonas residenciais que permitan fomentar unha maior densificación e frear a expansión urbana, o modelo de cidade compacta e densa fronte ao modelo de cidade difusa, porque é moito máis sostible medio ambientalmente”.

Engade que os plans xerais agora nin sequera incorporan densidades. A súa modificación puntual do ano 2010, que tanto lles doe, e que lles leva agora a votar en contra desta, foi rexeitada pola Xunta de Galicia, pola Consellería de Ordenación do Territorio, porque entre os varios inconvenientes que atopaban, había un que só se refería aos solos tipo A, non se refería a todos os tipos de solo. Entón por iso, foi polo que se lles rexeitou a modificación do ano 2010.

Di que o concello, por ese rexeitamento, decidiu abordar un estudo completo de todos os sectores de uso residencial nos termos que xa expuxo anteriormente, e ese é o que se somete hoxe precisamente a aprobación inicial, de tódolos solos, non o do urbanismo á carta. Nun principio, incluso pensouse en eliminar o límite de densidade para todos os solos urbanizables non delimitados, pero finalmente se desbotou esta idea, porque non conduciría a un resultado de ordenación distinto. Isto é así, porque as tipoloxías

edificatorias previstas no Plan Xeral impiden de feito a concentración de vivendas de altura, polo que sería difícil ubicar un número de vivendas superior ao considerado na presente modificación.

A continuación intervén de novo o señor Cela, dando as grazas ó señor alcalde. Diríxese á señora Pardo e retruca que él estaba máis sorprendido aínda cando repasaba as actas dos plenos do ano 2010, xa que a proposta actual constitúe unha emenda ao Partido Popular, porque o que defende na actualidade o grupo popular dista moito do que defendían un ano antes de entrar no goberno, entre outros, don Albino Vázquez Aldrey ou don Gerardo Conde Roa.

Di que a señora Pardo fala dunha serie de criterios urbanísticos que o seu grupo tamén pode compartir, pois densidades moi baixas evidentemente poden ter problemas na racionalización de determinado tipo de servizos, e dende unha perspectiva de sustentabilidade medio ambiental poden carrexar diferentes tipos de problemas. Apunta que isto prodúcese hoxe, no 2014, pero tamén no 2010, e destaca que no ano 2010, para o Partido Popular aquilo era un auténtico pelotazo.

En calquera caso, o tema das densidades, dende o seu punto de vista ten unha parte que é razoable, e que é lóxico que se poida plantexar, relativa a unha serie de cambios normativos, que o que fan é que en moi poucos anos se pasase de ter que facer unha reserva do 20 por cento para vivendas de protección oficial a un 40 por cento, que é un cambio moi substantivo, e que volverá a pasar a un 30 por cento. Iso modifica as superficies medias. É evidente, que non é indiferente que unha vivenda unifamiliar libre nun solo destes tipos, sexa de 300 metros cadrados, ou sexa de 140 metros cadrados. Non é indiferente para quen promove, e non é indiferente para quen pode comprar, e tampouco é indiferente que hoxe se teñan todos eses solos parados, quitando o SUND-3; único que agora mesmo está en vías ou polo menos previsiblemente que no curto prazo se vai actuar sobre el. De non actuar sobre ningún vai impedir que Santiago consiga esa dotación do 30 por cento desas vivendas precisamente, para as rendas máis baixas, para as clases máis populares, que non poden acceder á vivenda de tipo libre.

Polo tanto, dende esa perspectiva, o grupo do señor Cela entende razoable que se poida plantexar o tema das densidades, porque actuar sobre elas, que é un parámetro que non forma parte da normativa xeral urbanística, non implica actuar sobre outro tipo de parámetros cos que eles nunca estarían de acordo. En todo caso engade que non é menos certo que facelo cun carácter xeral indiscriminado pode dar lugar a cousas pouco afortunadas.

No seu día cando se fixo a proposta de actuar nos SUND's tipo A, tipo cidades xardín, facíase en base a un estudo de que ía levar parello ese incremento de vinte a vinte e cinco vivendas por hectárea. Iso se fai agora con carácter xeral a todos os solos

urbanizables non delimitados, e o seu grupo considera que iso, con carácter xeral, non se debe facer así, a parte de que non lles semella debidamente xustificada a opción diferencial pola que se opta no caso do SUND-39 no Campo de Bando. Por todo iso, volve a dicir que o seu grupo vai votar en contra da proposta.

Intervén novamente a señora Rosón dicindo que cré que a señora Pardo non lle entende cando fala, pois considera que na súa primeira intervención explicou perfectamente por que o seu grupo non estaba de acordo coa denegación da Xunta de Galicia. Recalca que ela tamén cré nas cidades compactas, pero que o obxecto son outros territorios do termo municipal. Destaca que sempre defenderá o seu Plan Xeral, por ser extraordinario e tamén excepcional, por marcarse parámetros que ao que axudan é a enriquecelo, e por suposto, a protexelo.

Esta proposta que se quere aprobar agora, non consiste noutra cousa que non sexa desordear todo o solo, unha parte moi importante do territorio municipal, e romper todo o solo de Santiago, pero non reordenalo. Non lle serve de xustificación a escaseza neste momento de promocións. Tamén di que non se pode permitir que un territorio que entre todos ordean e conservan se destrúa. Pregunta a ver que din agora en Patrimonio, sobre o incremento de densidade nos SUND B, C e F, coa vivenda colectiva e que están afectados polos Camiños de Santiago. Neste sentido refírese a que en Santiago de Compostela están a pasar moitas cousas, en todo o que ten que ver co patrimonio, e están a mirar para outro lado.

Diríxese persoalmente á señor Pardo para dicirlle que cada vez que esta se mete en temas de urbanismo, cheira un pouquiño a pelotazo, e que non o di ela, senón bastante xente, entre eles, algún do PP.

Continúa a señora Rosón aconsellándolles que por unha vez traten de construír normas e planeamento para ordenar, porque niso consiste a política municipal, e non que baixo o pretexto de que os cidadáns fagan o que queiran se agachen despois os intereses duns poucos. Ademais no Parlamento de Galicia discútase un borrador do proxecto de lei da nova LOUG, polo que ten pouco sentido que se faga unha modificación cando no borrador, que ela coñece, búscase facer desaparecer este tipo de solos. Recomendálles que se poñan de acordo dentro do partido para saber que queren facer con ese tipo de solos. Para rematar, di que o concello, e o goberno, cada vez se parecen máis a unha xestoría: ábrese a porta a temas que plantexan uns poucos problemas, esquecendo o interese xeral.

Remata dicindo que deberían expresar con máis claridade o cambio de modelo urbanístico de Santiago de Compostela, porque con esta modificación están a propoñer un cambio transcendental.

Toma a palabra o señor alcalde e dí que está sorprendido co contido das últimas intervencións, e que quere facer algunhas puntualizacións. Cando a señora Rosón fala de pelotazo urbanístico, lembra que no 2010 houbo 9.874 vivendas construídas en Santiago, mentres que o número de habitantes que aumentou o padrón municipal foi de 921, é dicir, por cada habitante que aumentou o padrón construíronse dez vivendas. Pregunta neste sentido que se iso non é pelotazo, como habería que definilo.

Tamén acudindo ao Concello veciño de Ames, gobernado tamén polo Partido Socialista, no mesmo período, fixéronse 4.764 vivendas, e houbo un aumento do padrón municipal, situándose en 11.431 persoas. Como consecuencia desta política urbanística do PSOE hai en Santiago preto de sete mil vivendas baleiras, polo que se cuestiona se acaso iso non é un pelotazo, ou se se trata de ordear o territorio. Pregunta se ordear o territorio é facer o proxecto Peleteiro, o plan de reforma interior de Peleteiro anulado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ou se ordear esta cidade urbanisticamente, é facer na Pulleira, ao lado do mercado de gando a construción de dúas mil vivendas, das que por suposto non se construíu ningunha.

Refírese a que esa é a política que aplicaron o BNG e o PSOE durante a súa historia, isto si que é pelotazo, iso si que é xestoría, iso si que é inmobiliaria. Dez mil vivendas feitas, practicamente sete mil baleiras, e 920 persoas as que aumentou o padrón municipal. Todo isto dí, sen entrar no tema dos residenciais comunitarios que a señora Rosón debe coñecer ben.

Xa que logo, de conformidade co Ditame favorable da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda e medio ambiente, correspondente a súa reunión do pasado día 24 de marzo de 2014, e consonte cos informes transcritos ao inicio, o pleno da corporación por 13 votos a favor correspondentes aos membros do grupo municipal Popular e 12 votos en contra correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, e acadando polo tanto o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación acorda aprobar inicialmente a modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal relativa ao incremento de densidade dos solos urbanizables non delimitados (SUND), segundo o proxecto formulado polo Concello de Santiago a través dos servizos técnicos da área de urbanismo.

De conformidade co disposto no artigo 85.2 da LOUG, o presente acordo someterase ao trámite de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente outorgarase audiencia aos municipios limítrofes.

4 APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO.

A concelleira dona María Amelia González Brandariz auséntase do Salón de Plenos.

Comeza a falar a señora Leis e di que dende hai máis dun ano, lévase facendo realidade a boa convivencia cos concellos da comarca nun traballo de turismo que leva dezaioito asembleas, nas que traballaron para tentar de aumentar as pernotacións e tamén a riqueza que ten para ofrecer esta cidade, pero tamén, para axudar á comarca a saír adiante nunha situación de crise. Comenta que, polo que falou cos compañeiros da oposición, hai votos a favor no PSOE, e abstención no BNG.

Explica que a proposta busca mellorar a información turística dispoñible, a visibilidade do territorio como destino turístico, crear produtos turísticos de interese para posicionar a área de Santiago nos mercados, aumentar o valor engadido da oferta turística actualmente existente, como gastronomía, pesca, sendeiros, ríos, etc., que son a oferta complementaria da oferta patrimonial, gastronómica e cultural que ten a nosa cidade.

Nesta primeira xunta que tivo lugar o día 27 de maio de 2013, no Protocolo dos alcaldes, había dezanove concellos, entre os que estaban a Estrada, Ames, Arzúa, Boqueixón, Brión, Lalín, Melide, O Pino, Oroso, Santiago, Padrón, Rois e por suposto Silleda, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces. Di que actualmente Teo, Brión e Ames están a ver a posibilidade de incorporarse ou non, pero aínda non responderon a esta convocatoria.

Para o caso concreto de Santiago o entorno pode aportar a complementariedade de recursos atractivos, estimular o aumento das pernotacións, enriquecendo así a oferta existente dispoñible, con produtos como turismo e natureza, de riqueza natural, que é o que pode ter menos en cantidade en Santiago de Compostela.

Esta experiencia supón un interesantísimo traballo en rede, intercambio de experiencias non só a nivel político e técnico, senón tamén veciñal, a través das excursións que se están a facer nos centros socioculturais, de “coñece a túa comarca”, pois opina que é moi interesante para os veciños de Santiago, antes de coñecer o resto de Galicia, ou de España, coñecer os recursos que teñen máis preto da súa casa, aos que poden acceder continuamente. Nese traballo hai iniciativas como recursos de territorio prioritarios, a posta en marcha de comisións de pesca, de turismo fluvial, paquetes de gastronomía, turismo no que se está a facer, como se viu nos carnavais últimos, un produto turístico único en temas de carnaval cos Xerais da Ulla, e tamén gastronómico con produtos específicos da zona, facendo unha riqueza gastronómica única.

Destaca tamén a creación dunha web propia Santiago punto dez, con recursos turísticos da área en galego, castelán e inglés, e que en breve terá outros idiomas dispoñibles. Refírese tamén á creación dunha aplicación de móbil propia que actualiza o acceso a este tipo de turismo ás novas xeracións coas tecnoloxías e á edición dun mapa impreso con tódolos atractivos turísticos reunidos para tamén ter unha edición en papel para os turistas que se acheguen.

A idea é ter un convenio que facilite a incorporación de ingresos propios, a parte dos que aporten os concellos, como está previsto neste convenio, no que hai un mínimo de 50 mil euros entre os 19 concellos que estaban previstos. Agora son 17, que terán unha aportación mínima, e que suporá un ingreso importante, porque se conta coa colaboración da Xunta de Galicia en futuras subvencións, ás que unha vez que se formalice este convenio, terán acceso ao igual que ás das Deputacións da Coruña e Pontevedra, pois isto afecta a concellos das dúas provincias.

O convenio marco que se presenta nesta sesión plenaria ten o visto e prace da secretaría xeral do pleno do concello, e de varios secretarios e interventores de concellos que se reuniron para poder ver entre eles as dúbidas que tiñan nos concellos. Constituíuse unha comisión, na que se chegou a acordo sobre este tipo de convenio. O obxectivo marco deste convenio común é fixar as principais vías de colaboración como a coordinación, dirección, xestión e financiamento da organización, do funcionamento e da promoción turística conxunta.

Da lectura do convenio, destacan como obxectivos: posibilitar a promoción turística e económica do grupo e minorar os custos que implicaría a promoción illada, ofrecendo unha lectura territorial coherente e planificada que poña en valor os recursos da zona. Tamén destacar o nomeamento do Concello de Santiago de Compostela, a través da sociedade pública municipal, INCOLSA, como xestor do convenio; a constitución dunha Comisión Mixta de seguimento, cumprimento e coordinación deste convenio.

Refírese á posibilidade de solicitar esas axudas á Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais e calquera outra administración ou institución con competencias en materia de turismo e desenvolvemento rexional e rural. Destaca o compromiso dos concellos de garantir unha financiación suficiente e estable para o funcionamento da promoción turística conxunta, habilitando as aplicacións orzamentarias certificadas polos seus interventores e secretarios, e en consonancia co orzamento elaborado cada ano por esa Comisión Mixta. O orzamento queda para o exercicio de 2014 en 45.000 euros, e o reparto do mesmo está nun cadro que figura anexo ao convenio.

O convenio ten unha vixencia ata o 31 de decembro de 2016, renovable. A proposta é que sexa o pleno do concello por maioría absoluta o que determine a aprobación ou non

da incorporación a este convenio, para evitar que teña vinculación política, e que cando se incorporen determinados gobernos, nun momento determinado, poida variar. Neste sentido di que neste grupo de dezasete concellos hai partidos de todas as cores, nunca houbo ningún problema en ningunha das reunións de tipo político, simplemente se debaten temas de promoción turística conxunta. Isto é un exemplo de concordia e traballo que é precisamente o que lles esixe á cidadanía, e teñen que seguir a traballar nesa liña.

Remata dando as grazas e dicindo que propón a aprobación deste convenio marco, que se notifique aos concellos integrantes, e que se poida empezar a traballar de maneira oficial, sendo este tamén o momento de comezar a recibir fondos doutras administracións.

Toma a palabra o señor Reyes para manifestar o voto favorable do grupo socialista ao convenio.

Intervén a señora Leis para agradecerlle ao grupo socialista o seu apoio, pois considera que é moi importante traballar non só pola cidade, que é o que todos pretenden día a día, senón tamén pola comarca, que vive de Santiago e da que tamén vive Santiago.

Amosa tamén a súa sorpresa porque o grupo nacionalista non apoie un traballo conxunto de dezasete concellos, que ían ser dezanove, e incluso vinteún, porque había varios concellos que querían integrarse, pero entendeuse que había que empezar pouco a pouco. Ademais hai concellos como Arzúa, que está representado polo BNG, e que apoia o convenio, polo que a señora Leis reitera que lamenta que o grupo nacionalista de Santiago non apoie esta proposta.

Consonte coa proposta da concelleira delegada de turismo do 20 de marzo de 2014, visto o informe do Secretario do Pleno - Director da Asesoría Xurídica do 19 de marzo do mesmo ano, e de conformidade co Ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas correspondente á súa sesión ordinaria do 24 de marzo de 2014, o pleno da corporación por 21 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos municipais do Partido Popular e aos do PSdeG-PSOE presentes, e 3 abstencións correspondentes aos membros do grupo municipal do BNG, acorda aprobar o convenio marco de colaboración para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago.

Así mesmo, acorda facultar tanto ao Sr. Alcalde-Presidente como á Xunta de Goberno Local, tan amplamente como sexa posible en dereito, para garantir a plena efectividade deste acordo, en especial, para a sinatura por parte de aquel do convenio marco.

O contido do convenio é o que a seguir se transcribe:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN
COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS
CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO**

No Concello de Santiago de Compostela, a de de 2014

REUNIDOS:

Os Sres. Alcaldes/as dos seguintes concellos:

CONCELLO DE A ESTRADA
CONCELLO DE ARZÚA
CONCELLO DE BOQUEIXÓN
CONCELLO DE LALÍN
CONCELLO DE MELIDE
CONCELLO DE PADRÓN
CONCELLO DE OROSO
CONCELLO DE O PINO
CONCELLO DE ROIS
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
CONCELLO DE SILLEDA
CONCELLO DE TOURO
CONCELLO DE TRAZO
CONCELLO DE VAL DO DUBRA
CONCELLO DE VEDRA
CONCELLO DE VILA DE CRUCES

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da

lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas. Nomeadamente, o apartado segundo do devandito artigo establece que “*O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*”

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia o cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O artigo 15.4 da Lei 30/1992, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Quinto.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o

mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Sexto.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Sétimo.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**.

Oitavo.- Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA de todo o territorio dos 18 Concellos asinantes, mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.-

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento da promoción turística conxunta a realizar de forma compartida entre os concellos de A Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.

Segunda.- Ámbito territorial.-

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente ós concellos de A Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.

O ámbito territorial definido na presente cláusula poderá verse ampliado pola incorporación doutros concellos ao mesmo. A incorporación de novos concellos producirase mediante a sinatura do correspondente protocolo de adhesión, previa

solicitud dirixida á entidade xestora do convenio, que lle dará traslado da mesma á Comisión Mixta.

Terceira.- Obxectivos da colaboración.-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a promoción turístico-económica dos concellos asinantes.
- Realizar unha promoción turístico-económica de forma eficaz e eficiente.
- Minorar os custos antieconómicos da promoción turística illada.
- Ofrecer unha lectura territorial conxunta e coherente, máis aló dos límites municipais, imperceptibles para o turista.
- Dar resposta ás necesidades de promoción turística mediante unha axeitada planificación previa.
- Valorizar os recursos dispoñibles e optimizar os recursos preexistentes.

Cuarta.- Xestión compartida do servizo.-

A xestión das actividades obxecto do presente convenio será realizada polo Concello de Santiago de Compostela, a través da sociedade pública municipal “Información e Comunicación Local, S.A.” (Turismo de Santiago de Compostela), medio propio da devandita Administración e incluírá todo o relacionado coa xestión, aspectos materiais, técnicos ou de servizo da promoción turística conxunta (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Debe determinarse un Catálogo de Condicións en que se debe levar a cabo a xestión.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación por un dos Concellos -directamente ou a través dos seus medios propios- na forma que se sinale, das actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión da promoción turística conxunta, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 109.5. do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido la Lei de contratos do sector público, que regula a financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só

expediente de contratación polo Concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

Quinta.- A Comisión Mixta. Coordinación.-

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerase polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

As súas principais funcións serán:

- * O seguimento da xestión das actividades de promoción turística conxunta.
- * Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo.
- * A fixación do Catálogo de Condicións da promoción turística conxunta, co establecemento das directrices básicas, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.
- * A elaboración das súas normas internas de xestión.
- * A interpretación do convenio.
- * A proposta, no seu caso, de addendas.
- * Intervención previa á resolución por incumprimento.
- * Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- * Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

Sexta.- Elaboración do Catálogo de Condicións da promoción turística compartida e modificación de ordenanzas.-

Os plenos dos Concellos que pretenden colaborar deberán, no prazo máximo de dous meses, proceder a aprobar o correspondente Catálogo de Condicións da promoción turística conxunta, que lle propoña a Comisión Mixta.

Nese mesmo prazo, deberán proceder a modificar, no seu caso, as Ordenanzas e regulamentos que afecten directamente ao funcionamento da promoción turística conxunta

co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da Comisión.

Sétima.- Medios persoais e materiais.-

De ser o caso, cada concello sinalará en anexo ao presente convenio os medios persoais e materiais que adicará á realización das actividades materiais, técnicas ou de servizos que constitúen o obxecto da xestión compartida.

Cada concello asumirá directamente a xestión das indemnizacións por razón do servizo así como outros gastos nos que podan incurrir os seus representantes na comisión mixta.

Oitava.- Subvencións e axudas.-

Para a xestión do servizo poderán solicitarse axudas á Xunta de Galicia, ás deputacións provinciais correspondentes, así como a calquera outra Administración ou institución con competencias en materia de turismo ou de desenvolvementos rural e rexional.

As solicitudes e xestión de subvencións e axudas para a promoción turística conxunta serán propostas pola Comisión Mixta e solicitadas polo Concello encomendado ou ben na forma que se determine nos termos da convocatoria correspondente.

Nestes casos faranse constar expresamente na solicitude, de ser o caso, os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante do presente convenio, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

Novena.- Financiamento.-

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para un eficaz e eficiente funcionamento da promoción turística conxunta. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo interventor ou secretario-interventor do concello correspondente no prazo de dous meses dende o inicio de cada exercicio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta. Os concellos asinantes fixan o orzamento conxunto para o exercicio 2014 en corenta e cinco mil euros (45.000 €). Nos exercicios sucesivos o orzamento conxunto non poderá superar nun vinte por cento o fixado para o exercicio anterior.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do servizo e daralle traslado das mesmas a cada concello.

O reparto será de acordo co resultado da porcentaxe resultante de aplicar a media ponderada dos catro seguintes elementos: poboación, superficie, último orzamento municipal aprobado en pleno e prazas turísticas (capacidade aloxativa), calculados sobre as últimas cifras oficiais anteriores á do ano de aplicación. No anexo I ao presente convenio achégase o cadro de reparto correspondente ao exercicio 2014.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Décima.- Causas de resolución.-

Ou presente convenio resolverase:

- a) Por mutuo acordo das partes signatarias.
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que ou regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia.
- d) Por denuncia unilateral, con preaviso de tres meses.

A denuncia unilateral por parte dun dos concellos asinantes do convenio suporá que o mesmo cesará como suxeito das obrigas e dereitos xurdidos en virtude deste convenio. Esta circunstancia non afectará á continuidade da vixencia do convenio respecto do resto de concellos asinantes.

A renuncia a seguir formando parte do convenio por algún dos concellos deberá ser formalizada mediante acordo Plenario por maioría absoluta do seu número legal de membros.

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais que tivese adscritos ao desenvolvemento deste.

Décimo Primeira.- Vixencia do convenio.-

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

Décimo Segunda.-Natureza do convenio.-

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola Comisión Mixta quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo Terceira.- Normativa aplicable.-

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

Décimo Cuarta.- Xurisdición competente.-

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, en tantos exemplares como partes o subscriben, e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.”

O presente acordo notificarase aos concellos limítrofes do ámbito territorial ao que se refire o convenio.

Notificarase así mesmo, á empresa municipal de Información e Comunicación Local, SA, INCOLSA.

5. DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS CORRESPONDENTE AO ANO 2013.

Volve a entrar no Salón de Plenos a concelleira dona María Amelia González Brandariz.

Dáse conta ao pleno do informe anual das queixas e suxestións presentadas no Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao ano 2013.

6. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS 5 E 17 DE MARZO DO CORRENTE ANO, RELATIVAS A DELEGACIÓNS.

Dáse conta ao pleno das seguintes resolucións da Alcaldía en materia de substitucións e de delegación de competencias:

Decreto de 5 de marzo de 2014:

“Por mor da miña ausencia os días 12, 13 e 14 de marzo de 2014, e co fin de asegurar o correcto funcionamento da alcaldía, e consonte ás atribucións que me confire o artigo 124.5 da LRBRL,

RESOLVO:

Designar como Alcaldesa en funcións á primeira tenente de Alcalde, dona Reyes Leis Rodríguez, os días 12, 13 e 14 de marzo de 2014.

Notifíquese o presente decreto á interesada.”

Decreto de 17 de marzo de 2014:

“Tendo en conta o escrito presentado a esta alcaldía o día 10 de marzo de 2014 pola concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible e co fin de conquistar unha Administración cada vez mais eficaz e en exercizo das competencias que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 31 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela (B.O.P. 6 de marzo de 2012)

RESOLVO:

Deixar sen efecto a delegación de competencias efectuada con data 26-2-13 (BOP nº51 de 14-3-2013), no que respecta a xestión e elaboración de pregos dos servizos básicos de: Recollida de lixo, abastecemento e saneamento de augas, alumeadado público e limpeza viaria que pasan a ser competencia do concelleiro delegado da Brigada de Vías e Obras e Xestión Ordinaria dos Servizos Básicos.

Queda así mesmo sen efecto o indicado no decreto de delegación sinalado relativo á coordinación do concelleiro delegado da Brigada de Vías e Xestión Ordinaria dos Servizos Básicos por parte da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible.

O resto das delegacións efectuadas no decreto mencionado de data 26-2-13 (BOP nº51 de 14-3-2013), non sofre variación.

Do presente decreto darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase á interesada. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do que dispón o artigo 44 do ROF, e surtirá efectos dende a data da súa sinatura.”

7. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta ao pleno das resolucións ditadas polo Sr. Alcalde e as concellarías delegadas, no período que abrangue dende o 11 de febreiro ao 10 de marzo de 2014 (núms. 971 ao 1731).

Dáse tamén conta ao pleno das actas das seguintes sesións da Xunta de Goberno:

- Sesión extraordinaria urxente do día 4 de febreiro de 2014 (número 8).
- Sesión ordinaria do día 6 de febreiro de 2014 (número 9).
- Sesión ordinaria do día 13 de febreiro de 2014 (número 10).
- Sesión ordinaria do día 20 de febreiro de 2014 (número 11).
- Sesión extraordinaria urxente do día 21 de febreiro de 2014 (número 12).
- Sesión extraordinaria do día 24 de febreiro de 2014 (número 13).
- Sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2014 (número 14).

8. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.-

ROGOS.-

- 1. Rexistro de entrada do día 21 de marzo de 2014, número 55, solicitando a organización de visitas guiadas ao Castelo da Rocha.**
- 2. Rexistro de entrada do día 21 de marzo de 2014, número 57, solicitando información do proxecto da nave número 5 da Praza de Abastos.**

PREGUNTAS.-

- 1. Rexistro de entrada do día 17 de marzo de 2014, número 46 (para a súa resposta por escrito), relativa a previsión que ten o goberno local para por en funcionamento a cafetería do parque Eugenio Granell.**
- 2. Rexistro de entrada do día 19 de marzo de 2014, número 49 (para a súa resposta por escrito), en relación á construción do túnel de Conxo.**
- 3. Rexistro de entrada do día 20 de marzo de 2014, número 50 (para a súa resposta por escrito), en relación a limpeza interna e externa dos contenedores de lixo.**

4. Rexistro de entrada do día 20 de marzo de 2014, núm. 51 (para a súa resposta por escrito), en relación a posta en marcha dun servizo de atención telefónica con base nun call center.

5. Rexistro de entrada do día 21 de marzo de 2014, núm. 56 (para a súa resposta por escrito), en relación ao convenio cultural entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Cidade Vella.

ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.-

ROGOS.-

1. Rexistro de entrada do día 20 de marzo de 2014, núm. 52, solicitando que se explique a situación na que se atopa o expediente aberto á empresa CLECE, SA, polos incumprimentos do contrato relativo á xestión das escolas infantís de Conxo e Fontiñas.

2. Rexistro de entrada do día 21 de marzo de 2014, núm. 53, solicitando que a maior brevidade posible o centro sociocultural do Ensanche volva a dispor dun traballador/a social a disposición da veciñanza do Ensanche.

PREGUNTAS.-

1. Rexistro de entrada do día 26 de febreiro de 2014, núm. 36 (para a súa resposta por escrito), relativa á situación na que quedou o Paseo Central da Alameda onde estivo instalada pista de patinaxe.

2. Rexistro de entrada do día 3 de marzo de 2014, núm. 39 (para a súa resposta por escrito), relativa a xornadas formativas de implantación e descentralización contable, e o persoal asistente ás mesmas.

3. Rexistro de entrada do día 5 de marzo de 2014, núm. 40 (para a súa resposta por escrito), relativa á nave núm. 5 da Praza de Abastos.

4. Rexistro de entrada do día 6 de marzo de 2014, núm. 41 (para a súa resposta por escrito), relativa a tala de árbores na Avda. das Burgas.

5. Rexistro de entrada do día 6 de marzo de 2014, núm. 42 (para a súa resposta por escrito), relativa a documentación facilitada ao Sr. Conde Roa.

6. Rexistro de entrada do día 6 de marzo de 2014, núm. 43 (para a súa resposta por escrito), relativa ao expediente aberto a empresa Clece, por incumprimento do contrato relativo á xestión das escolas infantís de Conxo e Fontiñas.

7. Rexistro de entrada do día 24 de marzo de 2014, núm. 49 (para a súa resposta por escrito), relativa á reorganización do persoal de festas, RRVV e centros socioculturais.

Di o señor alcalde que hai dous rogos do grupo socialista e dous rogos do Bloque Nacionalista Galego. Pregunta quen defende, polo grupo socialista, o rogo referido á CLECE.

Toma a palabra o señor Rama para dicir que o segundo rogo queda retirado, porque xa se cumpriu por parte do goberno municipal.

Volve a preguntar entón o señor alcalde quen defende o primeiro rogo.

Toma a palabra o señor Muíños Sánchez e di que despois de reiteradas solicitudes de información e preguntas do grupo municipal socialista, sen contestar, presentan un rogo a este pleno, xa que lles preocupa saber en qué situación está o expediente da empresa que xestiona as escolas infantís de Conxo e Fontiñas polos incumprimentos de contrato.

Deste xeito, tanto o señor Alcalde, que dixo descoñecer como se atopa este expediente, como o resto dos membros desta corporación, agardan unha explicación da concelleira de educación, e agardan que non sexa unha resposta como a que sempre está a dar aos medios de comunicación: que o seu departamento ten persoal de baixa, e non sabe cando se vai resolver.

Ao grupo municipal socialista preocúpalle o incumprimento dun contrato municipal e non quere que os cartos de todos sexan para pagar unha empresa, que segundo todos os informes, tanto da Xunta como dos técnicos municipais estivo a incumprir reiteradamente as condicións do prego. O grupo municipal socialista quere unha resposta clara, quere unha previsión de prazos, que se tipifique esta infracción, e que se determine a sanción correspondente a impoñer.

A señora Pardo di que, en primeiro lugar, supón que lles importará máis como están a funcionar as escolas infantís de Conxo e Fontiñas, que o expediente sancionador. O servizo que se está a prestar nas escolas agora mesmo, e o desexado nun primeiro momento. Di que se están a producir novas inspeccións por parte da Xunta de Galicia, e están a cumprir coa normativa que lles esixen. Polo tanto, están a funcionar como deberían, e as queixas dos pais xa non se producen, nin as dos traballadores.

En segundo lugar, gustaría lle sinalar que non se lle pagou nin un só euro aínda á empresa CLECE, como consecuencia precisamente deses incumprimentos, porque entenden que antes de conformar as facturas por un suposto traballo realizado, haberá que resolver ese expediente sancionador. Non se lle pode pagar, porque o traballo que reflicten esas facturas non o levaron a cabo segundo o contrato que teñen co concello. Segundo o parecer da concelleira, este feito amosa a responsabilidade do goberno.

En relación ao expediente, di que está en marcha, en fase previa, como informou en diferentes ocasións. A mala sorte é que no departamento de educación actualmente só haxa dous técnicos para resolver todos os problemas. Porén, o expediente está en marcha e nos días seguintes, nomearase a un funcionario que sexa o que instrúa ese expediente sancionador. Agora mesmo, estase a rematar a fase previa, en contestación á información que CLECE aportou ao informe previo do técnico de educación. A pesar disto, o importante para todos, é que as escolas funcionen ben, e que os cartos dos composteláns non se malgasten e así se está a facer, pois aínda non hai un euro deste concello pagado á empresa Clece.

O Sr. Cela sinala que como o rogo que se está a facer ten que ver indirectamente coa hostalería e a restauración da cidade de Santiago, aproveita para saudar aos compañeiros integrantes da cidade vella e agarda e desexa por parte do seu grupo que se poida resolver canto antes o seu convenio, polo ben do conxunto da cidade.

A continuación di que este rogo é unha demanda de información dunha petición por escrito da que non tiveron aínda resposta. Engade que pola importancia do tema sería bo que se puidera abordar nesta sesión plenaria. O Sr. Cela cre que todos coinciden na importancia que ten a praza de Abastos, tanto en termos históricos para a cidade, como en termos económicos, laborais, e na importancia de ter un mercado de proximidade, que pon en valor o produto típico, dende unha perspectiva turística, porque é o segundo destino de todas as persoas que visitan Santiago, tan só por detrás da Catedral. Asegura que tamén todos coinciden en que se ven de facer un esforzo grande e importante na rehabilitación e na posta en valor de toda a instalación. Polo tanto, o Sr. Cela cre que este é un debate que non é menor.

Sinala que o Bloque Nacionalista Galego, sempre defendeu que fora cal fora finalmente o seu uso se mantiveran sempre dúas premisas:

- En primeiro lugar, aquela opción que desvirtúase o menos posible os usos tradicionais da Praza de Abastos.
- En segundo lugar, aqueles usos que puideran maximizar o retorno para a cidade.

Nese sentido di que ata o momento se coñecen dúas propostas. Unha que se coñece polo miúdo, porque é da Asociación de hostalería, e tiveron a ben trasladárllela a todos os grupos políticos que respaldan non só entidades de referencia no mundo de hostalería, senón o colexio de arquitectos, a cámara de comercio, Santiago centro, a fundación Catedral, etc. e que está baseada nunha proposta singular, complementaria a outras actividades turísticas, un proxecto culinario e cultural pioneiro en Galicia e no resto do Estado, e que ten como vocación a consolidación de Santiago como un destino turístico vinculado a todo o mundo gastronómico. E outra, que polo que saben é pola que se decanta o grupo de goberno, que ten que ver con ceder os espazos directamente á actividade hostaleira privada.

Para concluír a súa intervención engade que o que lles gustaría coñecer é porque este segundo proxecto non o coñecen tan polo miúdo como sucede co outro, en qué consiste ese segundo proxecto, e porque dende o grupo de goberno, consideran que ese segundo proxecto é mellor que o plantexado pola asociación de hostalería, quen avaliou eses proxectos, e en base a que criterio.

O Sr. alcalde, indícalle que a resposta será dada pola concelleira delegada de turismo.

A Sra. Leis comeza anunciando a brevidade da súa resposta aludindo a que se cansou de explicalo nos medios de comunicación e de seguido sinala que o tema que a ela lle preocupa é que o señor Cela vé a praza de Abastos non como un referente de produtos para consumo, como ven de describir, senón como un produto turístico, porque efectivamente como consumidor, o Sr. Cela, como ben lle trasladan na praza, vai unha vez ao ano cando hai eleccións, porque é o que lle preocupa. Engade a Sra Leis que non o está a dicir ela, senón que o din os propios praceiros, e continua dicindo que se o Sr. Cela tivera querido saber cal era o proxecto para a Praza de Abastos, non tiña máis que ir falar con ela que é compañeira súa, ademais de ser compañeira en INCOLSA, e tal e como lle dixo moitas veces, ten aberta a súa porta.

A Sra. Leis cre que o Sr. Cela está a obviar a opinión máis importante para a concelleira, que é a dos praceiros. Se a Praza de Abastos di que non quere alí un proxecto que non teña viabilidade, non será ela a que lles diga o contrario. Trátase de xente que leva alí doce anos dicindo o que hai que facer, e facéndoo moi ben; e levantando unha praza que estaba en bancarrota fai doce-catorce anos como sabe moi ben o BNG, xa que eran os responsables políticos nese momento. Trátase de xente que uniu as súas forzas e levantou a praza de abastos, polo que se lle cae a cara de vergoña cando o Sr. Cela os obvia nese momento.

Admite a concelleira que é verdade que os hostaleiros teñen un proxecto, e se leva perdido un ano, porque se esperou por ese proxecto de hostalería, pero non será porque ela non teña vontade de diálogo para sentarse cos hostaleiros a negociar.

Relata que Santiago centro, e Catedral fixéronlle trasladar o día despois de saír nunha foto que se sentiron utilizados, e foron a vela ao seu despacho, a dicirlle que non estaban de acordo con ese proxecto e di que se o Sr. Cela fixera unha única chamada de teléfono ao presidente de Santiago Centro, ou ao responsable da Catedral, tería esa resposta, pero non a fixo, porque leva moito tempo sen marcar o número.

Relata que tivo varias reunións, dez reunións en concreto coa hostalería da cidade para ver ese proxecto. Precisa que ela nunca toma unha decisión sen consensuar co colectivo ao que afecta, sexan a hostalería da cidade, os comerciantes da cidade ou gandeiros da cidade. O caso é que o que se está a ver é que hai un proxecto que está viable, e hai outro que non ten ningunha viabilidade económica, nin ningún plan de empresa, e iso foi o que se viu. A Praza de Abastos non quere alí un proxecto que non ve viable, e que non cumpre os requisitos que eles marcaron nunha reunión. Recalca que ela non será quen lles leve a contraria.

O Sr. Alcalde dá por finalizada a intervención da Sra. Leis, xa que rematou o seu tempo. Antes de proseguir, tamén comenta que agradece ao Sr. Cela que respecte a quenda de intervención dos demais, xa que eles respectan escrupulosamente a súa quenda de intervención. A continuación dá conta do seguinte rogo en relación coas visitas guiadas a Rocha Forte que tamén é do bloque Nacionalista Galego.

O Sr. Vilar toma a palabra dando as boas tardes e sinala que a tres quilómetros está situado o Castelo de Rocha Forte, un castelo medieval datado do século XIII cunha importancia histórica e patrimonial grande, e que está declarado como ben de interese cultural pola Xunta de Galicia dende fai anos. É o vestixio da Galicia medieval, unha Galicia medieval na que a cidade de Santiago de Compostela tiña un papel central. Foi escenario das revoltas irmandiñas no século XV.

Está constatado tamén o amplo descoñecemento que existe sobre a existencia desa fortaleza medieval situada a tres quilómetros da améndoa da cidade, e este descoñecemento está tanto nos composteláns, coma nos visitantes, e máis aínda, na xente do resto do país. E iso, a pesar, de que se teñan acometidas diferentes actuacións para a súa posta en valor. Tamén foi, no seu momento, obxecto por parte do BNG no seu paso polo goberno, de atención a esa posta en valor.

A última intervención deste tipo que foi arqueolóxica con algunhas cousas máis, tivo lugar a finais de ano, entre o mes de xullo e finais de novembro. Tamén están pendentes futuras intervencións. Aínda así o descoñecemento é grande. Está absolutamente desaproveitado, e é fundamental poñer en valor, a relevancia histórica do Castelo da Rocha Forte, da súa importancia patrimonial, e máxime cando se investiron, na última intervención, entorno a un millón de euros.

O lóxico é rentabilizar ese diñeiro investido, e sinala que o que propoñen co seu rogo é que se acometa un programa de visitas. Houbo algunha experiencia antes da última actuación por parte dos centros socioculturais, se non se equivoca. Ese programa de visitas guiadas tería como destinatarios, por unha parte os veciños/as da nosa cidade, tamén a xente que nos visita ou incluso coa idea de ir aboando ese campo dun turismo diferente, máis marcadamente cultural e considera así mesmo que os centros de ensino poderían facer un esforzo para coñecer, pola súa importancia histórica, esta fortaleza medieval.

Afirma que sabe que se editaron, tras a última actuación, materiais divulgativos, hai unha páxina web que incluso no seu día foi premiada, unha publicación en papel, hai folletos. Cre que se pode facer máis material divulgativo, e tamén, sinalizar mellor todo o entorno.

A Sra. Pardo comeza congratulándose por comprobar que o interese pola posta en valor do xacemento do Castelo da Rocha Forte mostrado por parte do Partido Popular, é compartido polo BNG. Ao mesmo tempo respóstalle ao Sr. Vilar sobre o descoñecemento do que facía mención e sinala que este descoñecemento é menor grazas ao Partido Popular, tanto en Santiago como en Madrid, pois o goberno do Partido Popular concedeu o millón de euros para a escavación do ano pasado.

Continúa a Sra. Pardo a dicir que consideran ese xacemento como un dos máis importantes de Galicia. É imprescindible para coñecer a historia non só da cidade de Santiago de Compostela, senón da Idade Media, dos séculos XIII ao XV. Por ese motivo, os materiais divulgativos que se editaron como consecuencia da campaña de escavacións do pasado ano, tiveron un marcado carácter didáctico sen comprometer con iso o rigor científico, polo que poden resultar de lectura e consulta interesantes, tanto ao mundo académico, como a escolares, ou afeccionados á historia.

Dende a web sobre o castelo se permite baixar, copiar e reproducir todo o material alí contido, mentres que a publicación en papel foi distribuída a bibliotecas, centros de educación e centros socioculturais, medidas adoptadas cun claro obxecto de divulgación.

Non entanto, consideran que isto non basta para dar a coñecer a toda a poboación esta importante peza da nosa historia. Por este motivo, informa ao pleno que durante o mes de xaneiro deste ano, recién rematada a escavación e restauración do xacemento comezou a plantexarse unha programación estable de visitas guiadas ao castelo, organizada e coordinada directamente dende o concello.

Esta primeira campaña estará dirixida moi especialmente a centros de ensino, asociacións veciñais e culturais e cidadáns de Compostela. Este programa de visitas guiadas e programadas farase compatible coa apertura do xacemento a todo o público que o solicite. Para este efecto completouse unha primeira proposta de deseños e programación das visitas. Tamén é necesario mellorar a sinalización do xacemento, tanto para as visitas guiadas, como para aquelas persoas que se poidan acercar por propia iniciativa e que xa son moitas neste momento.

A Sra. Pardo di que se traballou nun anteproxecto básico de acondicionamento que comprende, ademais, o deseño e formalización de itinerarios de visita, adopción de medidas de seguridade, construción de área de aparcamento, acondicionamento do camiño de acceso dende o núcleo da Rocha Vella, etc. Neste momento, esta iniciativa atópase pendente de contratar a redacción do proxecto de execución. Tamén sinala que dende o goberno municipal confían en que a boa sintonía cos demais grupos continúe e permita a máxima difusión do coñecemento deste valioso patrimonio.

Para concluír pide propostas sobre as que non estean a traballar xa. Por outra banda dille ao grupo do BNG que non sabe se as propostas que traen ao pleno as sacan de visitas aos seus departamentos, ou da consulta dos seus orzamentos xerais aprobados, nos cales están as partidas para estas actividades.

9. TOMA EN CONSIDERACIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1. Rexistro de entrada do día 21 de marzo de 2014, núm. 58, contra o desmantelamento do 065 do servizo galego de transporte adaptado

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa a paralizar o desmantelamento do servizo de transporte adaptado do 065.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo Galego de Transporte Adaptado (065), que atende as persoas con discapacidade e dependentes, foi instaurado por iniciativa do BNG no goberno bipartito da Xunta de Galiza e constituíu o primeiro transporte adaptado público de todo o Estado español.

A partir do acceso do PP ao goberno da Xunta de Galiza, este servizo básico, bautizado como Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065) comezou a sufrir unha deterioración constante que ten a súa culminación na decisión da Xunta de deixar de prestar o servizo para o traslado diario ou semanal das persoas dependentes aos centros onde van ser atendidas nas súas terapias.

Este feito, xustificando polo PP con base nunha pretendida racionalización e eficacia, tradúcese simplemente no desmantelamento do servizo do 065, para non atender o desprazamento regular de persoas dependentes nin para garantir a mobilidade das persoas con maiores dificultades. En cambio, non teñen reparo en crear para o Consorcio de Benestar un transporte propio para as persoas usuarias dos seus centros.

Isto é outro paso na eliminación dos programas e servizos de dependencia e benestar que sufrirán novamente as persoas máis débiles, neste caso as que teñen maiores dificultades para se trasladaren e poder recibir atención como consecuencia do seu estado.

Ademais, a decisión do goberno do PP vai provocar unha perda importante de postos de traballo.

Por este motivo o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal á adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a:

- 1. Paralizar o desmantelamento do Servizo do transporte adaptado do 065.**
- 2. Garantir o desprazamento regular das persoas dependentes e a mobilidade das persoas con maiores dificultades.**

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

- 1. Rexistro de entrada do día 25 de marzo de 2014, núm. 60, relativa á promoción da Ruta Xacobeá coñecida como “Camiño Inglés”.**

As características do Camiño de Santiago convérteno nun elemento destacado do noso patrimonio cultural. O seu significado relixioso, o seu interese cultural e o seu potencial turístico fan que a Ruta Xacobeá teña un gran potencial para xerar actividade cultural e económica ao longo dos seus diferentes trazados.

Lonxe da masificación doutros camiños, o Inglés é un trazado que actualmente discorre polas localidades recuperadas en virtude de documentos, escrituras e rexistros que facían referencia ás súas demarcacións ou ao paso e estancia de viaxeiros. Dividido en seis etapas -tres xornadas desde A Coruña e cinco desde Ferrol-, os camiños conflúen nun na pequena aldea de Bruma. A ruta A Coruña-Santiago conta con 74 km de percorrido mentres os tramos Ferrol-Santiago suman 118 km. Trátase dunha ruta de marcado carácter costeiro, tamén rural e interior.

Non só os peregrinos ingleses optaban por iniciar as rutas desde as costas coruñesas cara a Santiago. En realidade, o coñecido como Camiño Inglés, coas súas variantes desde A Coruña ou Ferrol, era no alto e baixo medievo un compendio de itinerarios percorridos por devotos ingleses, si, pero tamén escoceses, irlandeses, escandinavos ou flamencos, isto é, do norte e oeste de Europa. Por iso eran varios os portos de partida e o xogo de entrantes e salientes do accidente que os romanos bautizaron como Magnus sinus Artabrorum, ou golfo Ártabro, constituía en conxunto o punto de arribada das peregrinacións, valéndose daquela, por terra, dos antigos Camiños Reais e outros sendeiros.

O Camiño de Santiago hase ir consolidando co paso dos anos como un dos atractivos turísticos máis importantes de Galicia. Proba diso é que gran parte dos visitantes da Comunidade Autónoma chegaron directa ou indirectamente a través desta ruta de peregrinación milenaria. Constitúe, sen dúbida, unha marca turística de éxito e internacionalmente coñecida e, á súa vez, de prestixio, polo valor que supón acharse incluído na lista de bens Patrimonio da Humanidade.

Hai que destacar que se conseguiu diversificar así o Camiño de Santiago, valorizando outras áreas do territorio galego e distribuíndo de mellor xeito as rendas producidas por este produto turístico.

Ademais, un dos aspectos clave á hora de dar a coñecer o Camiño tanto a nivel nacional como internacional foron as diversas campañas de comunicación e promoción desenvolvidas respecto diso.

Noutro sentido, en moitos municipios o interese e a implicación da Administración pública e da iniciativa privada permiten a posta en valor do Camiño de Santiago converténdoo nun recurso referente e principal do seu sector turístico.

A súa condición de produto turístico, que leva asociados numerosos servizos, fai que sexa tamén un fenómeno económico que xera rendas e empregos así como un instrumento de desenvolvemento rexional capaz de revitalizar os lugares que atravesas.

Un dos obxectivos explícitos do desenvolvemento turístico por parte das administracións é a creación de fontes de ingresos adicionais e postos de traballo para a poboación local. Para a estrutura económica é importante unha diversificación das actividades produtivas de acordo co deseño dun produto turístico que integre aloxamentos, actividades complementarias, produtos agroalimentarios e artesanía. As accións do desenvolvemento turístico, por exemplo a través dos investimentos en infraestruturas, tamén poden contribuír a unha mellora das condicións socioeconómicas da poboación residente e repercutir no non-despoboamento, producindo unha estrutura demográfica máis equilibrada.

Por todo iso, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE propón ao Pleno deste Concello a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Propoñer á Deputación da Coruña que esta leve a cabo con carácter inmediato o desenvolvemento dun proxecto que teña como obxectivo a revalorización da ruta xacobeá coñecida como “Camiño Inglés” que atravesa a provincia ata a cidade de Santiago de Compostela.
- 2.- Desenvolver un plan de promoción turística, cultural e socioeducativa do Camiño Inglés no seu percorrido polo termo municipal de Compostela, en coordinación coa Diputación Provincial da Coruña e cos Concellos concernidos e en colaboración coa Asociación de Amigos do Camiño de Santiago. Este plan contemplará aspectos relixiosos, culturais e turísticos desde parámetros de excelencia, turismo responsable e accesibilidade.
- 3.- Propoñer á Xunta que se establezan programas de cooperación transfronteiriza entre o Goberno da Xunta e o Reino Unido así como cos países nórdicos, co fin de promover o Camiño Inglés a Santiago nas súas variantes desde A Coruña e desde Ferrol.

2. Rexistro de entrada do día 25 de marzo de 2014, núm. 61, arredor da hospitalización domiciliaria.

O incremento da demanda de servizos e do gasto para a saúde, os cambios demográficos, sociais e dos patróns de morbilidade, e as constantes innovacións no campo da tecnoloxía están a estimular a aparición e difusión de novas formas de asistencia e atención hospitalarias. Esta actividade innovadora dá preferencia á asistencia ambulatoria e favorece a transferencia do paciente do hospital á súa contorna familiar. Os seus obxectivos principais son mellorar a atención do paciente e lograr unha utilización máis eficiente dos recursos. Entre as numerosas modalidades alternativas figuran o hospital de día, a cirurxía ambulatoria, a unidade médica de curta

estancia e a hospitalización domiciliaria (HD). A HD rompe co esquema clásico de atención hospitalaria tradicional, que abarca ingreso, urxencia e consulta externa.

Aínda que hai varias definicións da HD como modalidade de atención, parece haber consenso en canto á súa función primordial: brindar ao paciente no seu domicilio coidados médicos e de enfermaría en igual cantidade e calidade que no hospital. Dito doutra forma, a HD estaría indicada para aqueles pacientes que necesitan asistencia especializada sen ser ingresados nun hospital, aínda que non se atopen en condicións de pasar ao réxime ambulatorio.

Hai que pór de relevo a importancia da HD como ponte entre o hospital e a atención primaria de saúde, posibilitando o establecemento de labores compartidos e permitindo unha interacción progresiva e real entre os dous principais niveis de atención, a Atención Primaria e a Atención Hospitalaria.

As Unidades de HD funcionan 365 días ao ano, desde as 8 horas até as 22 horas. Durante a mañá (8-15h) trabállase en réxime de quenda e pola tarde (15-22 h) en réxime de garda localizada. O mecanismo de cobertura da urxencia no domicilio é desde as 8 horas até as 22 h. O persoal da HAD realiza a actividade programada e ademais atende a urxencia. Desde as 22 horas até as 8 horas do día seguinte a atención dos problemas urxentes faise a través das modalidades de coberturas de urxencias dependentes do hospital e do 061.

A bibliografía actual demostra a eficacia, seguridade, eficiencia e aceptación por parte dos pacientes das Unidades de HD. Con respecto ao custo económico, diversos estudos demostraron que para pacientes coa mesma patoloxía, o custo paciente/día adoita ser menor no réxime de HD comparado coa hospitalización convencional.

Un equipo de traballo de HD está composto por 1 médico adxunto e dous profesionais de enfermaría para unha atención de 13 pacientes de media/día. Un equipo de traballo de hospitalización convencional está composto por 1 médico adxunto, 2 profesionais de enfermaría, 2 auxiliares de clínica e un celador por cada tres equipos médicos, para atender a 9 pacientes de media/día.

En Galicia existen 12 Unidades de HD, unha das cales pertence ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS). A área de traballo da HD do CHUS abarca toda a cidade de Santiago e até un máximo de 25 km desde a devandita Unidade.

Nos últimos meses, a Unidade de HD do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), debido á falta de médicos de persoal na Unidade e a súa substitución, deixou de prestar servizos aos pacientes asignados, durante os fins de semana, o que motiva a hospitalización daqueles pacientes que precisan atención sanitaria durante os

mencionados fins de semana, cunha tarifa por hospitalización por día de estancia e cama ocupada calculada polo SERGAS de 526,32 euros. Atendendo ao custo salarial dun médico adxunto con todos os complementos, o custo de tres enfermos de HD que sexan ingresados durante un fin de semana no CHUS cubriría o custo dun médico adxunto durante un mes.

Por todo o anterior, propomos a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia para que se dote ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de forma inmediata dos medios necesarios e do persoal que sexa preciso para manter en funcionamento a Unidade de Hospitalización a Domicilio, durante os fins de semana, co obxectivo de dar unha prestación asistencial os 365 días do ano aos pacientes adscritos á Área Sanitaria Integrada de Santiago.

3. Rexistro de entrada do día 25 de marzo de 2014, núm. 62, relativa á Facultade de Medicina.

O modelo produtivo español (...) esgotouse, co que é necesario impulsar un cambio a través da aposta pola investigación e a innovación como medios para conseguir unha economía baseada no coñecemento que permita garantir un crecemento máis equilibrado, diversificado e sustentable”. Estas palabras están extraídas do Preámbulo da Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, aprobada en maio do 2011. Desde o PSdeG-PSOE pensamos que a citada lei contén aspectos como este que deberían contribuír a incorporar a formación universitaria e a innovación tecnolóxica como elemento estratéxico para a sociedade e para o noso tecido produtivo.

Un modelo económico baseado na xeración de coñecemento só terá éxito se se garante a estabilidade do sistema universitario en termos de recursos económicos e humanos. Con todo, o persoal do profesorado da USC e, en particular, da facultade de Medicina está a reducirse aceleradamente porque durante os últimos anos as prazas que quedan libres por xubilacións non se repoñen. As características do labor de formación de médicos esixen décadas para a capacitación dun capital humano docente de calidade. A este capital humano, que tanto custou formar e que mellor preparado está para contribuír a un modelo produtivo baseado no coñecemento, impídeselle continuar prestando a súa actividade docente.

Na Carta pola Ciencia sinálase a preocupación polos recortes nos PGE das partidas dedicadas á investigación e ás universidades. Os Orzamentos Xerais do Estado supoñen un retroceso irrecuperable da ciencia e a formación universitaria en España.

En Compostela, a USC atravesará unha difícil situación económica e as decisións da Xunta de recortar as subvencións nominativas á USC non fan senón colocar á Universidade de Santiago e á nosa Facultade de Medicina ao bordo da depauperación.

O Reitor da USC, o Decano da Facultade de Medicina, os representantes sindicais do profesorado (persoal docente e investigador) e do persoal de administración e servizos (PAS) expresaron o seu rexeitamento aos recortes e a súa aposta por conseguir que a USC siga sendo unha universidade pública e de calidade, comprometida co ben común, a xustiza social e capaz de promover o desenvolvemento económico no noso país, denunciando os prexuízos xa sufridos en empregos, retribucións, bolsas, proxectos de investigación afectados e calidade da docencia que todo iso leva. Reclámase que a verdadeira autonomía universitaria pase por dispor de financiamento suficiente e así cumprir os seus obxectivos e dar conta deles aos responsables públicos representantes dos cidadáns, a quen se deben.

Tamén os estudantes, a través do Consello de Representantes denuncian os recortes efectuados nos últimos 5 anos pola Xunta de Galicia (número e contía das bolsas, menos recursos para o funcionamento ordinario dos centros, etc.).

A USC e, en particular a Facultade de Medicina, foi sempre unha institución imprescindible para o desenvolvemento da nosa cidade e do noso país. Esta institución foi ao longo da súa historia un motor da modernización do noso país como se sinala en estudos como o que estima o impacto socio económico da USC, segundo o cal por cada euro que a Xunta inviste na Universidade Pública do noso país repórtanse 1.6 euros na economía da nosa Comunidade.

A Corporación local non pode quedar impasible fronte a estes recortes, posto que o noso municipio xógase moito cunha Universidade pública potente e cos recursos económicos suficientes para desenvolver os labores docentes e as tarefas de investigación, desenvolvemento e innovación.

O Grupo Municipal Socialista manifesta que non se poden deter as expectativas da USC e, en particular, da nosa Facultade de Medicina para que contribúa ao desenvolvemento socio económico municipal e galego e por iso solicita aos responsables políticos que forman o Concello pleno a :

1.- Instar o Goberno do Estado a eliminar, ou en todo caso, incrementar significativamente a porcentaxe de reposición para asegurar a Estabilización e Promoción do PDI. A duración da medida sería temporal.

2.- Instar o Goberno do Estado e á Xunta de Galicia a incorporar a Promoción Interna do PDI na Universidade, do mesmo xeito que se fixo no seu momento cos OPI (Organismos Públicos de Investigación, como o CSIC) na Lei da Ciencia.

3.- Instar á Xunta de Galicia a que as Prazas dos concursos a Profesores Titulares e Profesores Contratados Doutores ao que optan Profesores Contratados e Investigadores que xa son Profesores da Universidade de Santiago de Compostela, en particular as pertencentes á Facultade de Medicina, non contabilicen na Taxa de Reposición, por non ser Emprego Novo e non Incrementar o Persoal.

4.- Incluír no Convenio Colectivo do PDI das Universidades de Galicia aos Profesores Acreditados como Contratados Doutores, permitindo a Transformación Automática do seu Contrato.

5.- Trasladar estes acordos á Xunta así como comunicalos ao Consello Social da USC, Reitorado e representantes sindicais e de estudantes da universidade rexional.

Por unanimidade apróbase a toma en consideración da urxencia da moción do BNG relativa ao transporte adaptado do 065.

A seguir sométese ao pleno a toma en consideración da urxencia da moción do PSOE relativa á hospitalización domiciliaria.

O Sr. Francisco Reyes Santiás comeza sinalando que o incremento da demanda de servizos e do gasto para a saúde, os cambios demográficos, sociais e dos patróns de morbilidade, e as constantes innovacións no campo da tecnoloxía están a estimular a aparición e difusión de novas formas de asistencia e atención hospitalarias.

Entre as numerosas modalidades figuran o hospital de día, a cirurxía ambulatoria, a unidade médica de curta estadía e a hospitalización domiciliaria. Prosegue aclarando que aínda que hai varias definicións da hospitalización domiciliaria como modalidade de atención, parece que existe consenso en canto á súa función primordial: brindar ao paciente no seu domicilio coidados médicos e de enfermaría en igual cantidade e calidade que no hospital.

En Galicia existen 12 unidades de hospitalización a domicilio, unha das cales pertence ao complexo hospitalario universitario de Santiago. Nos últimos meses a unidade de hospitalización a domicilio do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago debido a falta de médicos e de persoal e a súa substitución, deixou de prestar servizos aos pacientes asignados durante os fins de semana, o que motiva a hospitalización daqueles pacientes que precisan atención sanitaria durante os mencionados fins de semana, cunha tarifa por hospitalización por día de estadía e cama ocupada calculada polo SERGAS de

526,32 euros. Atendendo ao custo salarial dun médico adxunto con todos os complementos, o custo de tres enfermos de hospitalización domiciliaria que sexan ingresados durante un fin de semana no CHUS cubriría o custo dun médico adxunto durante un mes.

Queda rexeitada a toma en consideración de urxencia desta moción por 13 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular, e 12 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e aos do BNG.

O Sr. alcalde dá paso á defensa da urxencia da moción relativa á promoción da Ruta Xacobeá coñecida como “Camiño Inglés”.

O Sr. Francisco Reyes Santiás volve a tomar a palabra e comeza dicindo que as características do Camiño de Santiago convérteno nun elemento destacado do patrimonio cultural de Santiago. O seu significado relixioso, o seu interese cultural e o seu potencial turístico fai que a Ruta Xacobeá teña un gran potencial para xerar actividade cultural e económica ao longo dos seus diferentes trazados.

Lonxe da masificación doutros camiños, o Inglés é un trazado que actualmente discorre polas localidades recuperadas en virtude de documentos, escrituras e rexistros que facían referencia ás súas demarcacións ou ao paso e estancia de viaxeiros. Dividido en oito etapas que serían tres xornadas dende A Coruña e cinco dende Ferrol. Os camiños conflúen na pequena aldea de Bruma.

A ruta A Coruña-Santiago conta con 74 quilómetros de percorrido mentres os tramos Ferrol-Santiago suman 118 quilómetros. Trátase dunha ruta de marcado carácter costeiro e rural e interior. Ademais, un dos aspectos clave á hora de dar a coñecer o Camiño tanto a nivel nacional como internacional, teñen sido as diversas campañas de comunicación e promoción desenvolvidas respecto do mesmo.

A condición de produto turístico do Camiño de Santiago que leva asociados numerosos servizos, fai que sexa tamén un fenómeno económico que xera rendas e empregos, así como un instrumento de desenvolvemento rexional capaz de revitalizar os lugares que atravesará.

Un dos obxectivos explícitos do desenvolvemento turístico por parte das administracións é a creación de fontes de ingresos adicionais e postos de traballo para a poboación local. Para a estrutura económica é importante unha diversificación das actividades produtivas de acordo co deseño dun produto turístico que integre aloxamentos, actividades complementarias, produtos agroalimentarios e artesanía. As accións do desenvolvemento turístico, por exemplo, a través dos investimentos en

infraestructuras, tamén poden contribuír a unha mellora das condicións socioeconómicas da poboación residente e repercutir no non-despoboamento, producindo unha estrutura demográfica máis equilibrada.

Sometida a votación queda rexeitada a toma en consideración da urxencia desta moción por 13 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG.

A Sra. Reyes Leis toma brevemente a palabra para realizar unha pequena aclaración consistente en trasladar aos presentes a súa opinión respecto deste tema, dicindo que non lle parece un tema de urxencia, e por iso lles dixo aos seus compañeiros de votalo en contra, pero precisa que lle parece interesante tratar este tema coa oposición. Por iso invítaos a ter unha reunión a vindeira semana para tratar o tema previamente, antes dunha reunión que vai ter co Xacobeo, para poder velo en profundidade.

O Sr. alcalde dá paso á terceira moción referida á Facultade de Medicina.

O Sr. Reyes di que a Universidade de Santiago de Compostela, como todo o mundo coñece, atravesa unha difícil situación económica e as decisións da Xunta de recortar as subvencións nominativas á USC non fan senón colocar á Universidade e á nosa Facultade de Medicina ao bordo da depauperación.

O Reitor da USC, o Decano da Facultade de Medicina, os representantes sindicais do profesorado e do persoal de administración e servizos expresaron o seu rexeitamento aos recortes e a súa aposta por conseguir que a USC continúe a ser unha universidade pública e de calidade, comprometida co ben común, a xustiza social e capaz de promover o desenvolvemento económico no noso país, denunciando os prexuízos xa sufridos en empregos, retribucións, bolsas, proxectos de investigación afectados e calidade na docencia. Reclámase que a verdadeira autonomía universitaria pase por dispor de financiamento suficiente e así cumprir os seus obxectivos e dar conta deles aos responsables públicos representantes dos cidadáns, a quen se deben.

Prosegue a dicir que tamén os estudantes, a través do Consello de Representantes denuncian os recortes efectuados nos últimos 5 anos pola Xunta de Galicia. Sinala que a USC e, en particular a Facultade de Medicina, foi sempre unha institución imprescindible para o desenvolvemento da nosa cidade e do noso país. Esta institución foi ao longo da súa historia un motor da modernización do noso país, como se sinala en estudos como o que estima o impacto socio económico da USC, segundo o cal por cada euro que a Xunta inviste na Universidade Pública do noso país repórtanse 1.6 euros na economía da nosa comunidade.

O grupo municipal socialista, polo tanto, manifesta que non se poden deter as expectativas da USC e, en particular, da nosa Facultade de Medicina para que contribúa ao desenvolvemento socio económico municipal e galego e por iso solicita a súa toma en consideración e aprobación

Sométese a votación a toma en consideración da urxencia desta moción que queda rexeitada por 13 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG.

Logo de ter aprobado a toma en consideración da urxencia da moción relativa ao 065, servizo de transporte adaptado, sométese a consideración do pleno o seu contido.

O Sr. Rafael Vilar toma a palabra dicindo que o 065, servizo galego de transporte adaptado está en fase de desmantelamento, xa practicamente definitivo, co grave prexuízo que este feito está a xerar nas persoas usuarias, e tamén co importante prexuízo que supón a perda de postos de traballo, como veñen denunciando durante estes últimos meses, ou estas últimas semanas, o conxunto dos sindicatos.

Unha vez máis en nome de iso que chaman austeridade, o que se produce é un novo recorte nos servizos públicos que se viñan prestando dende a Xunta de Galicia. Aínda onte a nosa cidade, Santiago de Compostela, era escenario dunha nova mobilización reivindicando unha sanidade pública, en resposta ás políticas da Xunta e do Partido Popular de recorte en servizos públicos, en servizos sanitarios. Este é un recorte tamén en servizos públicos, neste caso, en servizos sociais. Un servizo como o do transporte adaptado que dende o seu punto de vista é de absoluta necesidade para un colectivo importante de persoas dependentes e con dificultades de mobilidade, que sen acceso a este servizo ou con este servizo limitado en función do seu poder adquisitivo, van ver diminuída notablemente a súa calidade de vida.

Lembra que o servizo de transporte adaptado, posto en marcha a finais do 2007, formaba parte dun paquete de medidas destinadas a garantir os dereitos sociais da poboación galega, e nomeadamente das persoas dependentes ou con dificultades para a súa mobilidade. O 065 constituíu no seu día unha iniciativa pioneira no Estado Español, xa que foi a primeira experiencia de transporte adaptado de carácter público, e salienta o de carácter público.

Este servizo, estaba a ser valorado positivamente, tanto polas persoas usuarias, como polos profesionais do sector, e por moitas das entidades, e colectivos que desempeñan o seu labor no ámbito dos servizos sociais. Polo tanto o práctico desmantelamento do 065 que se está a realizar pola Consellería de Benestar é un paso atrás na atención dispensada a persoas dependentes e persoas con mobilidade reducida. Unha atención

que ten que ver co desprazamento regular destas persoas, moitas das cales viñan precisando de forma diaria ou semanal deste servizo que posibilitaba sen ir máis lonxe acudir aos centros onde ían continuar as súas terapias, e iso hoxe, pode estar en suspenso.

Unha vez máis a xente do rural tamén vai ser a máis prexudicada con este desmantelamento, porque o recorte que se produce neste servizo de transporte adaptado é brutal.

Do anterior exercicio orzamentario ao actual os recursos económicos destinados polo goberno da Xunta baixan á metade. Dos 14 millóns de euros anteriores a penas se van destinar 7 millóns, o que se traduce nunha redución de liñas existentes de 112 a tan só 44, e deses 44 servizos, case a metade pasarán a ser asumidos polas persoas usuarias. Polo tanto, instáurase tamén aquí o copago nos servizos que tan gravoso está a resultar para miles de fogares no noso país.

Paralelamente a isto tamén se están a producir despedimentos do persoal do 065 e a precarización dos traballadores e traballadoras que aínda quedan desempeñando estes labores.

A valoración do grupo municipal do BNG é que se trata dun novo recorte en servizos públicos que se suma xa á longa, longuíssima lista de recortes e privatizacións na esfera pública que o goberno do PP na Xunta ven practicando, e que empeora notablemente a calidade de vida das persoas, e moi fundamentalmente, das que posúen escasos ingresos e rendas baixas.

Dona Mar Martín toma a palabra e mostra a súa sorpresa ante o debate do tema. Ao copago ou repago dos pensionistas, ao pago do medicamento que se expende nos hospitais, agora tamén lles toca presenciar que se acaba o 065, o servizo galego de apoio á mobilidade persoal.

A Consellería de Benestar atopa caro este transporte público, que ata agora garantía os desprazamentos programados non urxentes das persoas en situación de dependencia, discapacidade ou problemas de mobilidade. Isto é, que a Xunta deixará de subvencionar o traslado diario e semanal dos dependentes aos centros asistenciais nos que recibían terapias de rehabilitación encamiñadas á súa inserción, e manterá o servizo só para os casos puntuais, como por exemplo, ir ao médico. O que vai suceder é que os usuarios terán que renunciar a tratamentos, terapias de rehabilitación e outro tipo de integración social de tratamentos que ata agora estaban a recibir.

O borrador do Decreto, cuxo detalle negocian aínda, cre que é importante que se poida debater aquí, e propoñer dende esta corporación. O Decreto pretende o traslado deste

servizo ás asociacións de enfermos, pero os asociados plantexan que non van ser capaces. As grandes asociacións tipo COGAMI, Alzheimer, tal vez poidan facerse cargo destes transportes, pero as pequenas asociacións van quedar realmente nunha situación de indefensión, e nunha situación na cal non van poder ter acceso a este servizo.

A Consellería de Benestar, como sempre mantén este goberno, apela aos recortes, eficacia na xestión, racionalización, pero nunca fala de equidade, xustiza, redistribución que é o que realmente se debe tratar nestes temas á hora de falar da dependencia, ou de igualdade incluso.

Outro dos problemas tamén importantes que cren que vai levar a cabo este recorte, é o copago do servizo. Aínda que as grandes asociacións van ter unha subvención polo transporte, parte dese transporte ten que ser pagado polos usuarios. Pero sobre todo un dos problemas que se plantexa no debate é esencialmente para aqueles usuarios que non pertencen a ningunha asociación, e sobre todo, os que están no rural, co cal se mantén unha dobre discriminación, non só por enfermidade, senón tamén territorial, e por lugar de residencia.

Toma a palabra o Sr. alcalde e relata que o 065 nace cun goberno bipartito do Bloque e do PSOE como servizo de axuda no desprazamento programado e non urxente para persoas que non poidan acceder ao transporte ordinario. É dicir, polo tanto, configurouse este transporte como transporte puntual, se trataba dun transporte esencial.

O grao de satisfacción do 065 actualmente non era o axeitado porque o 80% das persoas usuarias mensuais cubrían un servizo regular diario, polo que non se estaba a cumprir o obxectivo do goberno bipartito.

Esta situación facía que moitos usuarios do transporte puntual se quedasen sen servizo, e isto era un grave problema. A isto súmase a distorsión xerada no sistema. Había usuarios que utilizaban gratuitamente o 065 como un medio de transporte para ir diariamente, por poñer un exemplo, a centros e a residencias, mentres que outros dos mesmos centros e residencias pagaban polo transporte regular.

Esta situación real produciu queixas, tanto entre os propios usuarios do 065 que non sempre se vían atendidos, como entre os usuarios do transporte regular. Ante esta situación o goberno do Partido Popular optou por cambiar o funcionamento, co obxecto de facelo máis funcional. O que se fai é revisar o servizo para incrementar e mellorar a atención aos usuarios.

O 065 mantense como un servizo de transporte público adaptado para as persoas que precisen de servizos puntuais e non poidan utilizar o transporte ordinario, e ten a

garantía por Decreto de que non ten custo para o usuario, o que é unha novidade. Antes o que se contemplaba polo goberno bipartito, era o copago, agora non.

Os usuarios actuais manteñen intactos os seus dereitos. Dende o 1 de xaneiro 2.300 prazas de discapacidade teñen incorporado no prezo do seu contrato 2.300 prazas, o custo do transporte. Isto significa máis de catro millóns de euros. É dicir, as 373 persoas con discapacidade usuarias de praza pública que tiñan dereito a transporte adaptado do 065 seguirán tendo transporte adaptado do 065 financiado pola Xunta. Sucede que fronte a estas 373, agora subvenciónanse 2300, este é un dato real.

É dicir, mellórase o servizo para 2300 persoas. Quere dicir que o modelo actual é moito mais efectivo. Di que as conclusións e suxestións dunha revisión elaborada por expertos, levan a que para conseguir estes obxectivos cómpre manter o 065 cun servizo de transporte público adaptado. Garantir o servizo do transporte regular de todos os usuarios e apoiar o desenvolvemento do transporte doutros centros, non da Xunta de Galicia, a través das entidades con discapacidade, incrementando as contías do concerto da praza.

En definitiva, con este sistema o que se pretende agora, e aí esta a diferenza co que plantexaba o BNG, é que todas as persoas con dereito ao servizo van seguir sendo atendidas. Tamén se mantén a gratuidade do 065. Ao mesmo tempo conséguese homoxeneizar o servizo do transporte regular. Aquí non hai desmantelamento, porque o orzamento para este recurso está blindado e para este ano é de cerca de 13 millóns de euros. Pídelles que estuden os orzamentos da Xunta de Galicia, e comprobarán que hai 13 millóns de euros: 6,1 para a modalidade puntual, e 6,8 para a modalidade regular.

Reitera que non é certo que se vaia a desmantelar o 065, nin é certo, que se deixe de prestar ese servizo. Destaca que por quinto ano consecutivo o gasto social está gañando peso nos orzamentos da Xunta de Galicia do Partido Popular. O orzamento do ano 2009 cando gobernaba o bipartito era do 68,2% para gasto social; no ano 2014 é do 78%, e obsérvase ás claras que o gasto social se incrementa en case 10 puntos, dende o ano 2009 ao ano 2014.

O Sr. Vilar fai constar que é necesario facer algunha aclaración, xa que dende o seu punto de vista, manexan datos e informacións diferentes. Comenta que o 26 de marzo de 2014 houbo este debate no Parlamento de Galicia e o Partido Popular quedouse só defendendo o desmantelamento do 065. Indica que se produce un recorte brutal nos orzamentos destinados a este servizo de transporte adaptado, redúcense á metade as liñas. Promóvense os concertos para que unha vez máis non sexa a administración, senón que se externalice o servizo a través de entidades. Cre que o señor alcalde citou algunha como COGAMI que pode facer fronte a este servizo, pero as pequenas non.

Outra vez a xente do rural vai ser a gran prexudicada. No tocante ao gasto social di que nos orzamentos municipais tamén tentaron vender o aumento do gasto social a través do que non é política social dunha administración, senón realización de beneficiencia a través de entidades. Neste concello curiosamente as vinculadas á Igrexa Católica. Iso non é gasto social, senón deixar de exercer as súas funcións, abdicar das súas responsabilidades como entidade pública, e desvialas a través doutro tipo de entidades, iso é o que se está a facer na Xunta.

Retruca que o goberno bipartito que existiu na Xunta, respecto a cuestión dos servizos sociais sacou adiante a lei máis importante e máis avanzada de todo o Estado, a lei de 2008 de servizos sociais de Galicia, que o Partido Popular acabou convertendo en papel mollado, deixando na estacada a moitísima xente, a moitos cidadáns e cidadás deste país, no medio dunha gran crise económica que curiosamente está a afectar aos de abaixo, porque os de arriba viven moitísimo mellor. Esa xente cada vez ten que pagar máis polo acceso aos servizos públicos, chámese sanidade, chámese copagos varios, farmacéuticos, etc., mentres perden poder adquisitivo os seus salarios, os nosos salarios, as nosas pensións, etc. Conclúe dicindo que esas son as políticas económicas e sociais do Partido Popular, e finaliza dicindo que non lle poden dar leccións.

A Sra. Mar Martín desexa facer algunha puntualización. Cre que manexan datos distintos. Tal e como se coñece actualmente hai un tope para as subvencións das viaxes, de dez viaxes ao mes; a ida é un e a volta outro, ou sexa que son cinco viaxes ao mes.

Por outro lado, establécese o copago, xa que as asociacións son as que reciben os cartos que son nove euros, dos cales oito os aporta Benestar e un euro o aporta o usuario.

Di que esa é a información e indica que cre que o interesante do debate ía ser a asistencia domiciliaria, que é realmente onde van verse afectados todos os cidadáns de Santiago ante os problemas xurdidos pola falta de persoal, sobre todo, os fins de semana. Pola contra ve que o tema que realmente interesa é este. Verbo del que di que os datos que pode aportar son que os usuarios van pagar a través das asociacións. O problema son as pequenas asociacións de afectados que non teñen transporte adaptado e quedan sen transporte, polo que non van poder ir a rehabilitación, non van poder ir aos logopedas, non van poder ir a determinados servizos.

Por outro lado, o tema que realmente preocupa do transporte adaptado é a zona rural. As zonas rurais van quedar totalmente desasistidas. Recoñece que hai un intento de aforro, pero non de racionalización, senón simplemente de aforro. Se realmente se considera que o transporte non cumpre as expectativas, o normal e corrente é reorganizalo, e coordinalo doutra forma, non eliminalo, nin pasalo ás asociacións para que sexan elas as que xestionen, porque vai haber unha gran desigualdade entre unhas asociacións e

outras. Con relación, á afirmación relativa a que é o goberno que máis destina a servizos, a servizos sociais, pide que lle den números absolutos.

O señor alcalde toma a palabra mostrando a súa sorpresa polo que ven de dicir a Sra. Martín e sinala que cando se abre este tipo de debate sempre sae a externalización dos servizos públicos. Neste sentido lémbrolla ao Sr. Vilar o que externalizaron no Concello de Santiago cando gobernaron: parques e xardíns, xestión de colexios, recollida de lixo, alumeados públicos, pavillóns deportivos, centros socioculturais. Por iso pídelles un pouco de coherencia e interese por ver o que eles fixeron antes na Xunta de Galicia e no Concello de Santiago de Compostela.

A continuación di que vai citar datos que son reais. A variación absoluta de dependencia de 2009 a 2014, é do 102,1%. Na RISGA a variación é do 74,5%. En emerxencia social é do 55,2%. Estas non son opinións, senón que son datos medibles, e son datos certos. Di tamén que xa se decatara que a Sra. Martín non tivo tempo de preparar o asunto. Facendo un resumo e conclusións sinala que a mellora que se fai comporta o transporte en dúas modalidades. No do bipartito naceu puntual e pretenden que se converta en regular, cando os obxectivos que eles mesmos crearon eran para unha asistencia puntual.

Refírese a que no transporte programado puntual terán dereito máis de oito mil usuarios, coa diferenza de que agora verán atendida a súa demanda. No transporte regular, o transporte regular de cada centro que pasa a prestar cada instalación cubrirase por primeira vez con financiamento do goberno galego. A Xunta de Galicia pon o orzamento para que cada entidade xestione directamente este servizo.

Ambos transportes contan con financiamento da Xunta, os de carácter regular serán organizados por cada centro, pero serán financiados ata o 90%, pola administración autonómica, mentres que o 065 será financiado ao 100%, e recalca que será ao 100%, e polo tanto gratuíto, para as persoas usuarias. A maiores, destaca que o número de vehículos de transporte adaptado financiados con fondos públicos este ano 2014, pasa de 176 a 362. Remata pedíndolles aos grupos municipais do PSdG-PSOE e do BNG que lean os orzamentos da Xunta de Galicia.

Unha vez concluída esta intervención dáse por rematado o debate, e sométese a votación o contido da moción relativa ao 065 quedando rexeitado por 13 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 12 votos a favor, correspondentes aos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión cando son as dezanove horas e dez minutos. Dou fe.